

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 25 DE NOVIEMBRE DE 2022**

Ás 10.00 horas do día 25 de novembro de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

### **Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora.:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial).

A deputada do Grupo Socialista, dona Elvira Lama Fernández, ausentouse do salón de sesións cando se debatían conxuntamente os puntos 5, 6º, 7º, 8º e 9º e non regresou

O deputado don Gonzalo Pérez Jácome incorporouse á sesión cando se trataba o punto cuarto da orde do día e ausentouse cando se trababa o punto 12º e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2022 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 8 DE NOVIEMBRE DE 2022 (PLENO SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA).-**

A Secretaría Xeral deu traslado dos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 28 de outubro de 2022 e á extraordinaria do día 8 de novembro de 2022 (Pleno sobre o estado da provincia).

Non se producen intervencións e o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar as seguintes actas do Pleno da Corporación Provincial, e coa votación que se menciona, conforme cos borradores elaborados pola Secretaría Xeral:

Sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2022, por unanimidade.

Sesión extraordinaria do día 8 de novembro de 2022 (Pleno sobre o estado da provincia), coa abstención dos 9 deputados/as do Grupo Socialista.

### **2º.- ADHESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS**

## CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2022

O Sr. presidente dá lectura á seguinte declaración institucional da Federación Galega de Municipios e Provincias con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

*A liberdade, a seguridade e a integridade, son dereitos inherentes ao ser humano incuestionables e, como tales, non poden limitarse por circunstancias temporais ou especiais nin tan sequera pender de ningún criterio, moito menos, pola condición de xénero.*

*A natureza esencial destes principios obriga a que non baste con que sexan respectados; deben estar garantidos sen fisuras cos medios legais e económicos precisos e coa defensa sen concesión por parte da sociedade –auténtica titular do poder nun sistema democrático-, que debe esixir que isto sexa así.*

*Con motivo deste novo 25 de novembro, **Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, a Federación Galega de Municipios e Provincias, manifesta a firme convicción e determinación das entidades locais galegas para erradicar calquera tipo de maltrato sobre as mulleres, os seus fillos e fillas e achegados e achegadas, vítimas todas do machismo, xa que o maltratador leva por medio a quen considere con tal de que ela sufra.*

*Ademais da física, repudiamos calquera outra forma de agresión machista: psicolóxica ou emocional, sexual, económica, acoso, vexación ... tanto no eido persoal como laboral.*

*Dende o municipalismo facemos un chamamento á responsabilidade común, tanto de institucións como de cidadanía, no problema da violencia de xénero. Ninguén pode miar para outro lado. Cadaquén debe asumir a súa responsabilidade no problema e na solución deste. Cómpre reflexión sincera por parte de todos e todas e acción conxunta.*

*Unha vez máis, as entidades locais comprometemos traballo arreo, sen escatimar esforzos nin medios dentro das nosas posibilidades, priorizando ás políticas e medidas contra a violencia de xénero fronte calquera tipo de maltrato e facilitando e fomentando a colaboración do resto das administracións e cidadanía.*

*Apostamos pola información e concienciación dos dereitos e ferramentas aplicables para cada situación, facendo o que estea na nosa man tanto no noso espazo como fóra del, para que quen os precise acceda a eles.*

*A Fegamp pide tamén, en nome das entidades locais galegas, os medios necesarios para o labor e que se afaste esta loita da pugna ideolóxica, porque non cabe ningún tipo de*

*negación desta cruel realidade e que no punto de mira de todos e todas só deben estar a liberdade, a seguridade e a integridade para todas as persoas.*

*Os concellos queren lanzar, por último, unha mensaxe de esperanza e forza para todas estas mulleres que están a sufrir a violencia machista e a calquera que sufra o maltrato de xénero. Lembrámoslles que non teñen porque toleralo baixo ningunha forma e que estamos ao seu carón para axudalas a saír. Animamos por tanto ás vítimas e a calquera que teña coñecemento dalgún caso a dar o paso para pór fin á inxustiza. Contan connosco.*

*Poñemos a disposición e alentamos a facer propio o noso Decálogo #PoloBoTrato:*

- 1.- Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.*
- 2.- Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.*
- 3.- Difundir unha imaxe non sexista da muller.*
- 4.- Traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova.*
- 5.- Fomentar a ética e a co responsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes.*
- 6.- Identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.*
- 7.- Respetar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.*
- 8.- Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal.*
- 9.- Rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller.*
- 10.- Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.*

### **3º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2022 E DA DATA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e, por unanimidade dos/das presentes (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro, que se realizará o día 23 de decembro de 2022, ás 10.00 horas.

2º.- As comisións informativas terán lugar os días 14 (mércores) e 15 (xoves), coa mesma orde que todos os meses.

#### **4º.- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2023.**

A Sra. interventora dá conta do contido do expediente.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que nas comisións informativas xa expresou que evidentemente é algo lícito e totalmente legal, pero que existen dous camiños para mudar esta situación, que son: un o cambio de goberno nas furnas que leven a un cambio neste peculiar xeito de repartir os fondos públicos e se pase a un sistema con criterios obxectivos, e outro que é que o Parlamento do Estado español lexisle establecendo disposicións de obrigado cumprimento, xa que a normativa actual reguladora das subvencións públicas deixa marxe e a porta aberta a este tipo de repartimentos e decisións discrecionais, permitindo este tipo de posibilidades legais. Engade que o seu grupo xa votou en contra dos orzamentos e tamén votará en contra da desestimación destas alegacións e da aprobación definitiva.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para sinalar que o PS de G-PSOE está a empregar un mecanismo totalmente legal e democrático, xa que non está de acordo coas políticas do grupo de goberno, e que esta estratexia política non debe ser criticada polos outros grupos. Lembra que a función da Deputación e velar polos intereses de todos os concellos da provincia, e nos orzamentos xerais para o ano 2023 só se vela polos intereses dalgúns concellos e se deixa aos outros totalmente abandonados. Engade que isto é unha evidencia, e que concellos como Ribadavia, o Carballiño ou O Barco de Valdeorras quedan sen ningún tipo de investimento provincial. A continuación sinala que teñen un respecto absoluto polos técnicos da Deputación, pero neste caso non comparten o informe da intervención provincial, polo que non van votar a favor. Sinala que o propio informe de intervención lle está dando a razón ao grupo socialista cando di que a instancias do goberno provincial non se incluíu unha previsión dos investimentos para os catro exercicios seguintes

para non comprometer ao novo goberno que xurdirá no segundo semestre de 2023, e en certo modo lles está dando a razón, xa que o grupo socialista non pode manter un orzamento que só contempla investimentos para concellos do Partido Popular, polo que o grupo socialista non pode compartir nin os argumentos do informe nin o xeito de gobernar deste grupo de goberno, polo que teñen que facer o seu traballo como grupo maioritario da oposición. Esta situación debe mudar canto antes e indica que ogallá sexa co cambio de goberno nas vindeiras eleccións e teñamos por fin un reparto xusto e equitativo dos fondos da Deputación provincial. Explica que resulta moi rechamante que concellos similares en canto a poboación, pero de diferentes provincias de Galicia, teñan achegas tan diferentes das súas respectivas deputacións provinciais, como pode ser o caso de Ribadavia e A Cañiza, xa que este último recibe en torno aos 600.000,00 € independentemente da cor política do seu goberno.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que os orzamentos desta Deputación xa foron debatidos amplamente na sesión do mes de setembro. No seu momento xa valorou estas alegacións como unha actitude obstrucionista e electoralista do grupo socialista nesta Deputación, lembrando que estamos ante os orzamentos máis elevados da historia desta Deputación, e que fomos a primeira administración pública do Estado en aprobar o seu orzamento para o vindeiro exercicio, e son uns orzamentos ambiciosos e de carácter social. Engade que a pretensión do grupo socialista, un ano máis, e poñer atrancos á entrada en vigor dos orzamentos da Deputación. Respecto á motivación do escrito de alegacións sinala que non a acaba de entender, e que si entende que o informe da intervención é moi claro ao respecto, e non deixa lugar a ningunha dúbida na súa conclusión na que informa que se debe desestimar o escrito de alegacións presentado polo grupo socialista. Engade que a conclusión política deste portavoz non é outra que considerar as alegacións como unha estratexia de atrancos, e que para *mercadeo* lamentable o que está pasando no goberno de Madrid nos últimos días. Lembra que a bancada socialista non presentou ningunha proposta construtiva aos orzamentos provinciais durante os catro anos deste mandato, e que a única achega que fan consiste nunhas alegacións coa finalidade de retrasar a tramitación administrativa do orzamento provincial, prexudicando con isto aos concellos e entidades que ven reflectidos os seus proxectos e solicitudes nel.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para sinalar que o que realmente é aburrido é o discurso do PP de citar continuamente o que ocorre no Parlamento do Estado, lembrando que o orzamento xeral do Estado sae aprobado con 23 votos máis que

cando foi a sesión de investidura do actual presidente do Goberno. A este respecto lembra os acordos aos que se chegou nesta Deputación, polo que é sorprendente que se critiquen os acordos do goberno de Madrid. Facer alegacións ao orzamento non é obstrucionista, lembrando o que fai o PP no Parlamento de Madrid e noutras institucións. Non nos pode dicir a nós que non facemos achegas ou observacións ao orzamento, xa que esta Deputación é a única administración que non entrega un borrador de orzamento a todos os grupos da oposición, polo que imposible facer aportacións. Non se pode dicir que son os orzamentos da historia da Deputación, sen matizar que son os máis inxustos, xa que non se incrementa a achega a todos os concellos, e feitos desde unha óptica non ecuánime, para beneficiar unicamente aos concellos gobernados polo PP. Para rematar sinala que o goberno desta institución vai mudar nas vindeiras eleccións, e que en todo caso deberían ter diálogo con todos os grupos da oposición, en particular co maioritario, polo que lle pide que proben a dialogar e ter outra forma de facer política.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Insiste en que o grupo de goberno ten en conta sempre os informes dos técnicos provinciais, e que os orzamentos se levan a pleno no mes de setembro de cada ano, polo que desde xa poderían ter feito as súas achegas. Reafirmase en cualificar a política do grupo socialista como obstrucionista e do “non polo non”, criticando o xeito de facer política deste grupo provincial socialista. Remata sinalando que a Deputación contará no ano 2023 co orzamento máis elevado da súa historia, e fai un breve repaso sobre as liñas estratéxicas que contén o documento que vai ser aprobado definitivamente, e polo que concellos e entidades poderán dispoñer dos recursos asignados desde o 2 de xaneiro de 2023.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas polo Grupo Socialista, con base no informe do Servizo de Intervención do 10 de novembro de 2022, que consta no expediente electrónico n.º 2022/12370G, co CSV: 14157771242662756753 en <https://sede.depourense.es>

2º.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, procedéndose á súa publicación no BOP.

**5º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EXERCICIO 2023**

O Sr. presidente anuncia que tal e como se acordou na Xunta de Portavoces se debaterán conxuntamente os puntos 5, 6º, 7º, 8º e 9º, e a votación será por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Bo día de novo, tamén este é un debate que temos todos os anos, e que, desgraciadamente temos que volver dar, e digo desgraciadamente porque os concellos desta provincia creo que merecen unha maior colaboración por parte desta institución e tamén vou aproveitar a dicilo, por parte doutras. Que quero dicir con isto, creo que como todos vostedes saben, a maior parte de nós nos concellos en que estamos, hoxe mesmo no Concello de Allariz, así será, imos ter que facer unhas modificacións orzamentarias, porque temos unha carencia de crédito en moitas partidas dos gastos de funcionamento que van ser exponenciais este ano. E curiosamente eu tiña a esperanza de que o Estado nos fixera un incremento de fondos substancial para o ano que ven. O incremento de fondos de media para o ano que ven por parte do Estado, na participación de Tributos do Estado vai ser dun 2 e pouco por cento, creo que as comunidades autónomas lle concederon un 15 por cento de incremento, é curioso non, porque, eu sei que as comunidades autónomas si que deben ter máis gastos, os concellos, imos ver se conseguimos saír adiante. Tamén teño que dicilo, o Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia, vai seguir conxelado, non sei levo bastantes anos en política e leva conxelado dende sempre, debérono meter nun conxelador e alá quedou para os restos non. A verdade é que non deixa de ser triste esa falta de respecto pola nosa administración. Os programas provinciais de cooperación teñen este mesmo problema, levan conxelados dende hai tempo, non sofren absolutamente ningunha mellora substancial. E o que vemos, analizando programa por programa, é que o primeiro que nos traen hoxe para a aprobación, que é o programa de empregabilidade, onde seguimos cos 20.000,00 euros deste tamén tempos inmemoriais para este programa, houbera aquela suba de 40.000,00 euros, que fora unicamente no ano 2020. Eu atopei algún concello que non chega aos 14 parados “14 parados”, e recibe 20.000,00 euros exactamente igual que outro concello

que ten 1.190 persoas, habitantes en situación de paro. Quen di isto podemos asimilalo exactamente igual para os programas en materias de mocidade, eu tamén nunha primeira visual, atopei concellos que non chegan aos 20 veciños, veciñas con menos de 18 anos, e menores de 18 anos non chegan a 20 veciños, veciñas. O Concello no que eu son concelleiro ten por riba dos 1.000, non sei se entenden o que quero trasladarlles con isto, estamos a falar de 6.000,00 euros de reparto lineal para cada concello, teñan menos de 20 veciños veciñas, menores de 18 anos ou teñan máis de 1.000. Creo que habería que revisar por un lado a aplicación orzamentaria e por outro lado, dende logo, os criterios de distribución que ten esta institución provincial. O mesmo cos 4.500,00 euros para a limpeza de marxes de redes viarias, hai concellos nesta provincia que teñen 12 núcleos de poboación nun concello moi pequeno en canto a superficie e hai concellos nesta provincia que teñen 92 núcleos de poboación ou máis e unha superficie moi importante, e sen embargo o criterio de distribución son 4.500,00 euros lineais independentemente de calquera criterio que poidamos entender como minimamente obxectivo, mais alá de que manter os 4.500,00 euros, tendo en conta o que se ten incrementado, por exemplo, os combustibles nos últimos anos, a verdade que, eu entendo que nos deberían reducir proporcionalmente os quilómetros que temos que facer de estradas na propia Deputación provincial, porque senón dentro de pouco non nos van chegar nin para facer eses 12 quilómetros de estrada da propia Deputación. O programa de asistencia a entidades locais para as xestións municipais do ciclo da auga, aí non teño nada que dicir, porque entendo que efectivamente, subiu o prezo dalgunhas das actuacións que se fan dende este servizo e sinaladamente o tema das analíticas e podemos entender que efectivamente haxa que axustar os prezos destes servizos. Despois quedanos o plan provincial de cooperación de obras e servizos municipais, que en principio é o máis importante que mantén esta institución, para colaborar cos concellos desta provincia, e saben vostedes que se mantén con 51.000,00 euros, curiosamente este é un plan que baixou, sábeno vostedes tamén, pero é un plan se mantén dende tempos inmemoriais neses 48.000,00 para obras máis 3.000,00 para poder executar o proxecto, recoñezo, como teño recoñecido nestes últimos anos, que efectivamente tiveron en consideración a proposta feita pola compañeira dona Montserrat Lama e máis por este voceiro do Bloque que lles fala, para efectivamente, permitir que unha cláusula, neste caso a cláusula novena permita que en tempos tan complexos como os de hoxe, eses fondos non teñan que ser dedicados a obras, senón que poidan ser dedicados o que o concello, dentro duns pequenos límites, considere máis oportuno. Pero o resumo, o resumo

de todo isto, é que dicía o Sr. Plácido que a principios de ano xa se sabía o que íamos ter cada concello grazas á operatividade dende setembro, ben, a operatividade non, pero si a presa con que este goberno desta institución expoñía os orzamentos efectivamente, e en setembro o que nos atopamos é que moitos dos concellos desta provincia teñen 81.500,00 euros, ese é o orzamento co que saben que van comezar o ano de respaldo da institución provincial en moitos concellos desta provincia, é moi doado a conta, non fai falla, aquí, empregar moito a calculadora, son 20.000,00 do programa de cooperación de empregabilidade, 6.000,00 de mocidade, 4.500,00 para actuación nas redes viarias e os 51.000,00 que temos para o plan de cooperación, 81.500,00, nin máis nin menos. Díganme vostedes, se iso lles asemella unha cantidade minimamente razoable como punto, xa non, de partida, senón que en moitos casos é o punto de partida e fin da colaboración desta institución cara moitos concellos desta provincia. Sinceramente, a comparación con outras provincias, resulta neste caso bastante complicada de soste polo tanto eu o que sigo é dicíndolles que deberíamos de reformular todos estes plans de cooperación provincial, levalos a ese plan único e establecer criterios obxectivos cun punto base, que para min podería ser perfectamente os 150.000,00 euros por concello e a partir de aí con criterios obxectivos ir levando a cada concello algo que si que permitira dicir que efectivamente facemos unha achega que lle permita aos concellos programar o seu orzamento anual, porque estas achegas nin son xustas, nin son equilibradas, nin dende logo son minimamente presentables para as necesidades dos concellos da provincia de Ourense.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Tal e como xa se comentou aquí e tamén nas comisións, estas bases, estes programas, son en gran medida, o que adoita dicirse un copia e pega de propostas similares e de anos anteriores, propostas que noutros momentos adoitamos co noso voto a favor, o que pasa é que, efectivamente, as circunstancias mudaron en varios aspectos, e é coñecida a influencia dos efectos secundarios da pandemia na sociedade, tamén é coñecida a influencia da situación internacional, efectivamente pois as situacións non son as mesmas, e estas bases e estas axudas, deberían irse adaptando pouco a pouco ás novas circunstancias. Efectivamente, posiblemente haxa que incrementar as aplicacións e efectivamente, posiblemente haxa que mudar os criterios de reparto nos próximos anos. Non imos apoiar como fixemos en convocatorias anteriores, pero tampouco imos opoñernos, ímonos abster nos puntos, agardando pois que en próximos mandatos, en próximas anualidades, se vaian adaptando ás novas circunstancias, como dicía, ás novas necesidades

estes programas. O que si vemos é un intento de adaptarse ás novas circunstancias no caso concreto da xestión do ciclo da auga, aí efectivamente votaremos a favor, porque vemos unha intencionalidade de pouco a pouco irnos adaptando ás novas circunstancias. Entón absterémonos neses puntos que estamos sometendo a debate, salvo no punto 8 do ciclo da auga no que votaremos a favor.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): En primeiro lugar, repetidamente tanto segundo din, neste pleno, no pleno do ano pasado, e ademais, digamos a potestade de quen propuxo en primeiro lugar ou non, o de que os plans de cooperación, se puideran dedicar a outras cousas e non so a obras, e que eu, claro, teño diante, teño diante, a moción que levamos nos, no seu momento, tres de maio de 2020, onde facemos esa proposta, si é verdade que o Grupo Popular maioritario naquel momento máis algún grupo máis se opuxo, e despois se incorporou, pero a moción témola aquí, se alguén a quere ver tanto a Sra. Lama, como o Sr.do Bloque Nacionalista Galego, a pode ter a disposición e a podemos ver, pero bueno, é unha proposta digamos nosa, cos puntos moi claramente. A min deixoume abraiado un pouquiño, tiña outro tipo de intervención, e non vou a entrar, digamos, na desproporción de que fala Bernardo, estamos totalmente de acordo nesa desproporción, digamos nas contías, pero claro, e que se fixo gala aquí repetidamente hoxe dúas ou tres veces polo Sr. Plácido de que son os maiores orzamentos da historia da Deputación provincial de Ourense, 90,9 millóns de euros, pero é que eu tomei posesión no ano 2019 nesta casa, e tiña un orzamento de 82,7 millóns de euros, ou sexa 8,2 millóns de euros menos que nestes intres, e sígome atopando que no ano 2019 tiña 20.000,00 euros para empregabilidade, no ano 2020 20.000,00 euros para empregabilidade, no 2021 20.000,00 euros para empregabilidade, no 2022 20.000,00 euros para empregabilidade e no 2023 20.000,00 euros para empregabilidade, e os 8,2 millóns de euros a maiores non se reflexaron en ningún momento. O mesmo digo cos 6.000,00 euros de xuventude, o mesmo digo cos 4.500,00 euros de rozas, e o mesmo digo cos 48.000,00 + 3.000,00 euros de cooperación para obras. Vostedes están tendo 8.2 millóns de euros máis de incremento en base, sobre todo de incremento na parte retributiva dos Tributos do Estado e non recae nin un so euro nos concellos, e que nin un so euro nos concellos, entón oe, así, así fai un orzamento calquera, é que o IPC no 2019 incrementouse un 0,8%, no 2020 baixou a un 0,5%, pero no 2021 un 6,2% a maiores, no 2022 un 7,3%, temos un incremento nestes catro anos dun 13,8% do IPC, e iso vai para tódolos lados excepto para os concellos, pero que o gasóleo subiu un 37% e nos están dicindo, nos están dicindo que contratemos a

roza viaria das estradas cos 4.500,00 euros que facía catro anos, como si digamos, nos poderamos contratar os tractores rozadores, coas empresas e demais co mesmo coste que fai catro anos, cando subiu digamos, simplemente o 37% de custos de gasóleo, pero é que mais, en empregabilidade nos seguen dicindo que nos sigamos arranxando con 20.000,00 euros, pero é que señores meus, subiu o salario mínimo, no ano 2019, cando eu entrei nesta casa, estaba en 858,55 euros o salario mínimo, e agora nestes intres estamos en 1.050,00 euros o salario mínimo interprofesional, que facemos, contratamos menos xente, contratamos menos meses, ou que facemos, porque é simplemente sumar. Eu creo que, eu creo que, se estiveramos falando de millóns e millóns, pero estamos falando de que vostedes teñen 8,2 millóns de euros mais e seguen mantendo as taxas de cooperación cos concellos, entón, eu creo que, pedimos, pedimos nada máis, que, que, algo, unha obviedade, que é que este aumento de retribución, se traslade aos concellos.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Toma a palabra para sinalar que a Deputación trae ao pleno de hoxe os programas de cooperación para o ano 2023 por un importe total de 7.545.000,00 € a disposición dos concellos da provincia, e aos que hai que engadir 1.500.000,00 € destinados á rede viaria provincial. Detallando os datos sinala que o programa de empregabilidade preséntase sen novidades con respecto ao exercicio anterior e co mesmo importe, ao igual que o programa de limpeza das marxes das estradas municipais e provincias. Respecto aos programas de mocidade e ao plan provincial de obras e servizos, manteñen as mesmas contías, e substitúese a denominada cláusula Covid pola agora denominada cláusula pola conxuntura económica xeral. Respecto ao programa de cooperación polo ciclo da auga, matiza que o incremento de taxas aludido é para os concellos, non para a veciñanza, e que as novidades que presenta e que aparecen detalladas na memoria, manteñen un programa con prezos moi competitivos.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o Partido socialista parece que o único que quere é colgarse medallas e alardear respecto a que os concellos poidan acollerse á cláusula que permite que os concellos poidan destinar as subvencións dos programas a gasto corrente, indicando que iso non debe ser o importante, senón que o que realmente importa é que iso se conseguiu e que da igual que sexa grazas ao BNG, a Montse Lama ou ao PS de G-PSOE. Engade que se o partido socialista quere alardear de algo tamén poden facelo de ter impugnadas as axudas aos autónomos desta provincia, ou de presentar alegacións contra unhas obras beneficiosas para a cidade de Ourense, entre outras cousas.

Logo indica que se o Goberno central conseguiu pactar os orzamentos xerais no Parlamento, foi manchando o nome da Garda Civil cos seus pactos e consentir que se vaian da C.A. de Navarra. Para rematar lembra que o Goberno central ten o récord de ministerios e de asesores e que o partido socialista de Ourense forma parte dese partido e que non debe vir aquí a dar leccións de nada.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza dándolle a en hora boa ao grupo de DO porque parece que volven ver a luz, e que parece que habería que reformular os programas de cooperación desta Deputación, agardando que nos orzamentos do próximo ano amosen a mesma idea e aínda máis reforzada sr pode ser. Sinala que o voceiro do PP non debe ter moi boa opinión dos programas de cooperación que se presentan xa que non os defendeu con moito énfase. Entende que é complexo porque non o dez por cento do orzamento provincial se dedica a programas de cooperación cos concellos, polo que resulta moi difícil “vendelos”. A continuación pide que, se o próximo ano o grupo do PP volve ter o goberno provincial, reflexionen seriamente sobre estes programas, xa que as deputacións están para cooperar cos concellos de menos de 20.000 habitantes e a realidade desta provincia non é así, polo que hai moito que mudar neste sentido.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para sinalar que o cambio do sentido do voto do seu grupo con respecto aos exercicios anteriores é debido ao cambio das circunstancias socioeconómicas xerais e que evidentemente afectan tamén aos concellos polo que se deben mudar os criterios de reparto. Por esta razón sinala que se van abster e agarda que no vindeiro exercicio teñamos uns programas con maior dotación económica e criterios de reparto.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o grupo socialista non pretende colgarse medallas en absoluto, senón negar a hipocrisía doutras. A continuación pídelles permiso á Presidencia para saírse por uns minutos do debate deste punto da orde do día debido a unhas alusións que se fixeron. Manifesta, dirixíndose á deputada Montserrat Lama, que na súa condición de funcionario de prisións tocoulle *bromear* durante a época do goberno do PP de Aznar, sobre os traslados de presos de ETA a cárceres do País Vasco e sinala que o Partido socialista apoiou sempre as medidas para loitar contra o terrorismo e nunca fixo política deste asunto. Neste senso sinala que a el lle dá igual que cando circula polas estradas de Navarra o multe un policía con *tricornio* ou con boina, pero o que si lle importa son as importantes medidas sociais que se aprobaron nos orzamentos do Estado para

o ano que ven. Centrándose novamente no asunto da orde do día sinala que o deputado de cooperación debe loitar para que estes programas de cooperación medren e se actualicen, xa que parece que a Deputación queda illada dos incrementos de custos que hai en xeral e non se recolle ningunha previsión para facerlles fronte.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Brevemente sinala que os programas de cooperación están a funcionar moi ben e que el está moi contento con eles, e que a cooperación dos concellos vai moito máis alá destes programas, lembrando o servizo de recollida de lixo, as brigadas provinciais que prestan servizos aos concellos, as brigadas de zonas verdes, o parque de maquinaria que aforra moitos cartos nos concellos, o consorcio de augas de Valdeorras, o consorcio contra incendios e de salvamento, os GES, accións de cooperación en bombeos de auga, os programas de control de vertidos, asistencia xurídica e en materia de recursos humanos etcétera. Remata indicando que todo iso debe valorarse porque iso tamén é cooperación desta Deputación provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese nos puntos 5º,6º,7º,8º, e 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 5º,6º,7º,8º e 9º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (8), de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023, co seguinte teor literal:

**1ª) Obxecto:**

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023.*

*A finalidade deste Programa é a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal e da entidade local menor de Berán posibilitando o complemento dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos ou nomeamentos de persoal funcionariode carreira e interino, de ser o caso, mediante a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento dos ditos contratos ou nomeamentos.*

**2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando contraten persoal en réxime de dereito laboral, efectúen nomeamentos de persoal funcionario interino ou subscriban contratos administrativos, típicos ou especiais, con persoas físicas suxeitas ao réxime de autónomos, para a realización de actividades da súa competencia durante o exercicio 2023. Considéranse subvencionables as contratacións ou nomeamentos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2023. Igualmente serán subvencionables as contratacións ou nomeamentos procedentes de anos anteriores que subsistan no exercicio 2023, exclusivamente en canto os custos devindicados a partir do 1 de xaneiro de 2023.

2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas contratacións ou nomeamentos, incluíndo gastos salariais e de Seguridade Social, así como os honorarios ou contraprestacións económicas por servizos profesionais prestados por autónomos.

### **3ª) Contía das subvencións:**

A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 20.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 10.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados aos contratos ou nomeamentos subvencionados.

### **4ª) Disponibilidades orzamentarias:**

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46207/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2023, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 1.830.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2023, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

**5ª) Resolucions de adhesión ó programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:**

As resolucions de adhesión ó programa que inclúen as solicitudes de subvención suscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, consonte como modelo que achégase como anexo I a estas bases.

O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencions públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo que achégase como anexo II a estas bases.

**6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.**

As solicitudes de adhesión presentadas remitiránselle ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencia advertidas no prazo concedido.

*A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 19 de marzo de 2023 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

**7ª) Contía das subvencións:**

*Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 20.000,00 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 10.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.*

*Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:*

*Se o gasto efectivo do contrato ou nomeamento subvencionado fose inferior á dita cantidade.*

*Se as achegas doutras administracións públicas que financian a actuación exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo da contratación ou nomeamento subvencionado.*

*A redución da contía das subvencións declarase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.*

*Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas para percibir polos concellos beneficiarios.*

**8ª) Xustificación da subvención:**

*As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2023. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2023 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2023.*

*A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

*A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:*

- Relación de contratos ou nomeamentos realizados con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.*
- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaçión no exercicio 2023.*

- *Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento dos contratos subvencionados.*

*B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.*

*C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.*

*3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.*

*Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.*

*4. Para considerar xustificada a subvención os concellos beneficiarios deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 20.000,00 euros e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior a 10.000,00 euros. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan do 100% do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.*

*A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.*

*A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.*

#### **9ª) Obrigas dos beneficiarios:**

*Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.*

*No local onde se realicen os servizos subvencionados deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.*

**10ª) Normativa supletoria:**

*De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.*

**ANEXO I**

**MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN**

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

*1º) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de \_\_\_\_\_ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2023, solicitando a concesión dunha subvención por importe de ..... euros.*

*2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.*

*3º) Declarar que o Concello/ a Entidade de \_\_\_\_\_ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.*

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona \_\_\_\_\_, alcalde do

Concello/presidente Entidade de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_,

**DECLARA**

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

\*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "pendente" na columna.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

## **6º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EXERCICIO 2023**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente dos puntos 5º, 7º, 8º e 9º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (8), de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2023, co seguinte teor literal:

### **1ª) Obxecto:**

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2023. A finalidade deste Programa é contribuír ó financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia e a entidade local menor de Berán en prol da mocidade ó longo do exercicio 2023.*

### **2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

*1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán, cando desenvolvan actividades en prol da mocidade durante o exercicio 2023.*

*2. Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien as anteditas actividades, sempre que fosen autorizados a partir do 1 de xaneiro de 2023.*

*3. Tendo en conta as dificultades económicas que poden atravesar os concellos no exercicio 2023, como consecuencia do réxime especial para os concellos a causa da conxuntura económica xeral, no presente exercicio permitirase, de forma excepcional, que os concellos poidan utilizar a dotación económica deste programa naquilo que consideren máis urxente e necesario, excluindo gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos*

*representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas nas bases.*

**3ª) Contía das subvencións:**

*A subvención concedida a cada concello poderá acadar a contía máxima de 6.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas. A subvención concedida á entidade local menor de Berán poderá acadar a contía máxima de 3.000,00 € e ata o 100% dos custos indisolublemente vinculados ó desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

**4ª) Disponibilidades orzamentarias:**

*O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 46211/24111 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:*

*1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2023, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.*

*2ª) A contía total máxima estimada é de 549.000,00 €.*

*3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.*

*4ª) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.*

*5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2023, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.*

**5ª) Resolucións de adhesión ó programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:**

*As resolucións de adhesión ó programa -que inclúen as solicitudes de subvención- subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, consonte como modelo que achégase como anexo I a estas bases.*

*O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*As solicitudes irán acompañadas dunha declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actividades para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo que achégase como anexo II a estas bases.*

#### **6ª) Procedemento de adhesión. Resolución de adhesión. Publicación.**

*As solicitudes de adhesión presentadas remitiránse ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.*

*Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.*

*Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes, agás nos seguintes casos:*

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo.*
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.*

*A resolución de concesión das subvencións adoptárase antes do 19 de marzo de 2023 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

#### **7ª) Contía das subvencións:**

*Cada concello adherido disporá dunha axuda por importe de 6.000 €. A entidade local menor de Berán disporá dunha axuda por importe de 3.000,00 €. Esta subvención entenderase concedida, a tódolos efectos, polo mero acto de aprobación da adhesión.*

*Non obstante o anterior, a achega minorarase na contía que corresponda nos seguintes supostos:*

- Se o gasto efectivo das actividades subvencionadas fose inferior á dita cantidade.*
  - Se as achegas doutras administracións públicas que financian as actuacións exceden, en conxunto coa concedida pola Deputación, do 100% do custo das actividades subvencionadas.*
- A redución da contía das subvencións declárase na resolución da peza separada de xustificación da subvención.*

*Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores reintegraranse ás arcas provinciais, sen aumentar as achegas a percibir polas entidades beneficiarias.*

#### **8ª Xustificación da subvención:**

*1. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2023. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2023e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2023..*

*2. A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

*A) Certificación expedida polo secretario da entidade na que se indique o seguinte:*

- Relación de actividades realizadas con cargo á subvención, indicando o seu obxecto e duración.*
- Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2023.*
- Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento das actividades subvencionadas.*

*B) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.*

*C) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflicta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.*

*3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do*

*prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.*

*Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.*

*4. Para considerar xustificada a subvención, os concellos deberán acreditar a realización de gasto por unha contía igual ou superior a 6.000,00 € e a entidade local menor de Berán por unha contía igual ou superior 3.000,00 €. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente. Igualmente, no suposto no que a entidade beneficiaria percibise subvencións ou axudas que, en conxunto coa concedida ao abeiro do presente programa, excedan o 100 do custe soportado, a subvención reducirase ata alcanzar o dito límite do 100 %.*

*A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.*

*A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar unha redución do importe da subvención nun 20 %.*

#### **9ª) Obrigas dos beneficiarios:**

*Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.*

*No local onde se realicen as actividades subvencionadas deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.*

#### **10ª) Normativa supletoria:**

*De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.*

**ANEXO I**

**MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN**

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2023 e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

*1º) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de \_\_\_\_\_ ao Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2023, solicitando a concesión dunha subvención por importe de ..... euros.*

*2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.*

*3º) Declarar que o Concello/ a Entidade de \_\_\_\_\_ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.*

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona \_\_\_\_\_, alcalde do  
Concello/presidente Entidade de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_,

**DECLARA**

*Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a \_\_\_\_\_ mesma finalidade, sexa pública ou privada.*

*Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para*

a mesma finalidade:

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

*\*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase “pendente” na columna.*

*No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.*

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**7º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAL E PROVINCIAL NO EXERCICIO 2023**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente dos puntos 5º, 6º, 8º e 9º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (8), de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2023, co seguinte teor literal:

**Primeira.- Obxecto:**

*1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación do programa de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2023.*

*2. Este programa se desenvolverá mediante a concesión de subvencións ás ditas entidades locais para o financiamento da prestación de servizos de limpeza das marxes da rede viaria local. A finalidade da subvención é colaborar economicamente cos concellos e mancomunidades no sostemento do servizo público de limpeza das marxes da rede viaria municipal (prestación que se considera incluída no servizo mínimo obrigatorio de acceso aos núcleos de poboación, recollido no artigo 26 da Lei de bases de réxime local) e no cumprimento das obrigas establecidas na lexislación galega de prevención de incendios forestais. Esta colaboración condiciónase a que por parte dos concellos e mancomunidades se realicen labores de limpeza das marxes das vías provinciais e municipais, co obxectivo último de garantir o mantemento das vías en condicións axeitadas de limpeza e seguridade, dándolle ademais cumprimento ao establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.*

*3. Os servizos subvencionados poderán prestarse mediante calquera modo de xestión dos previstos na lexislación de réxime local, sendo subvencionables todos os gastos correntes directos do servizo. Exclúense os gastos de investimento e os indirectos, así como os definidos como non subvencionables nos apartados 7 e 8 do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.*

**Segunda.- Beneficiarios:**

*Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no presente Programa provincial de cooperación os concellos de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades integradas por estes concellos que cumpran os seguintes requisitos:*

a) Prestar o servizo de limpeza das marxes da rede viaria municipal e provincial cunha máquina rozadora con brazo articulado, durante, polo menos, un período mínimo de tres meses no exercicio 2023. Este período mínimo deberá comprender, en todo caso, as datas nas que a Deputación estableza a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial, conforme co previsto na base sétima, apartado b). Nos supostos de períodos de prestación do servizo que non comprendan meses naturais completos, para o cálculo do cumprimento do período mínimo esixible computaranse os días naturais de prestación, considerándose un mes por cada trinta días naturais.

b) Adherirse ao presente Programa de cooperación no prazo e coas formalidades recollidas na base quinta.

**Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:**

O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 16311/46200 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, tramitándose con carácter anticipado o Programa ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación as seguintes regras especiais:

1ª) A execución do Programa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2023, tendo carácter puramente estimatorio a contía total máxima prevista nas presentes bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de 450.000,00 €.

3ª) No expediente de gasto que se tramite para a aprobación do Programa, a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2023, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

**Cuarta.- Contía das subvencións:**

A contía das subvencións que se concedan ao abeiro deste Programa de cooperación será

*para o exercicio 2023 de 4.500,00 € por entidade local, con destino ao financiamento dos gastos subvencionables de prestación do servizo.*

*A contía poderá ser inferior nos casos en que así se solicite expresamente pola entidade local interesada.*

*En todo caso, a contía da subvención nunca poderá exceder do 100% dos gastos subvencionables soportados pola entidade beneficiaria, polo que se reducirá no importe correspondente para o caso de que o gasto xustificado no citado concepto sexa inferior a 4.500,00 €.*

***Quinta.- Adhesión ao programa:***

*Os concellos e mancomunidades que desexen adherirse ao Programa de cooperación regulado nas presentes bases deberán facelo mediante resolución do órgano competente na que se aprobe a dita adhesión. A resolución deberá ter o contido que se recolle no anexo I destas bases, modelo que poderá utilizarse para documentar a dita resolución.*

*Coa solicitude deberase achegar unha declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo II.*

*A resolución de adhesión deberá presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*A adhesión dos concellos ou mancomunidades autorizarase mediante decreto da Presidencia, no que se concederá a subvención correspondente ata un máximo de 4.500,00 euros. A resolución de autorización de adhesión deberá ditarse antes do 19 de marzo de 2023. Na dita resolución, ou ben noutra resolución posterior, concretaranse as obrigas de limpeza da rede viaria provincial ás que queda condicionada a concesión da subvención, conforme co previsto na base 7ª.*

*No suposto en que o número de solicitudes exceda as disponibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación. Para estes efectos, tomarase a data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación da documentación íntegra de cada solicitude, e non se terá en conta a data de presentación de solicitudes incursas en deficiencias formais.*

*No caso de producirse remanentes con anterioridade ao 23 de abril de 2023 pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de entrada no rexistro da Deputación, tal e como se establece no parágrafo anterior.*

***Sexta.- Publicidade das adhesións e da concesión de subvencións:***

*A resolución de autorización das adhesións e de concesión das subvencións será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

***Sétima.- Obrigas dos beneficiarios:***

*Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas por estas bases e pola Lei xeral de subvencións, en todo aquilo que non resulte incompatible coas bases do Programa. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.*

*Con carácter especial, os concellos e mancomunidades adheridos a este Programa de cooperación quedan suxeitos ás obrigas seguintes:*

*a) A prestar efectivamente o servizo de limpeza da rede viaria municipal e provincial durante o período de tempo mínimo establecido na base segunda, dispoñendo durante ese período, cando menos, dunha máquina con condutor dedicada a estas tarefas.*

*b) A realizar especificamente os traballos de limpeza da rede viaria provincial, nos períodos de tempo e nas estradas que se especifiquen na resolución de concesión da subvención ou nunha resolución posterior da Presidencia. A determinación dos ditos traballos realizaraa a Deputación conforme coas seguintes regras xerais:*

*- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria estará obrigada a limpar, unha vez ao ano, un tramo ou conxunto de tramos da rede viaria provincial de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude, nun período de tempo que se indicará na resolución de concesión. Os tramos obxecto de limpeza situaranse, preferentemente, no territorio da entidade local beneficiaria, pero poderán situarse en territorio de entidades locais próximas dentro da mesma comarca, tendo en conta as necesidades de mantemento da rede viaria provincial. Excepcionalmente, a petición do concello interesado, a Presidencia poderá reducir o número de quilómetros que é obrigatorio limpar nos supostos en que, ao situarse o tramo obxecto de limpeza en todo ou*

*parte fóra do termo municipal, o cumprimento da dita obrigaón supoña un sobrecusto excesivo para a entidade beneficiaria.*

*- A limpeza será de bermas, paseos, foxos e noiros, nunha banda de catro metros en cada marxe, deixando unha altura máxima de vexetación tras a roza duns 5-7 cm. Non obstante o anterior, o ancho da banda de limpeza entenderase reducido na medida necesaria cando polas características do terreo resulte materialmente imposible realizar a limpeza en toda a súa extensión.*

*- Cada concello ou mancomunidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Servizo de Vías e Obras, cunha antelación mínima de 5 días naturais, a data concreta do inicio da limpeza, dentro do prazo establecido na resolución de concesión, mediante comunicación que se presentará no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación.*

*- Os técnicos do Servizo de Vías e Obras comunicaranlles ás entidades locais beneficiarias, coa antelación suficiente e mediante notificación con acuse de recibo, a data e hora nas que realizarán as preceptivas comprobacións da limpeza das vías provinciais que se establezan na correspondente resolución da Presidencia. No acto de comprobación poderá estar presente un representante do concello ou mancomunidade beneficiaria. A inspección realizada recollerase na oportuna acta, á que se acompañará unha reportaxe fotográfica, e na que se consignarán as observacións que poida formular o representante da entidade local beneficiaria.*

***Oitava.- Xustificación e pago da subvención:***

*1. A subvención xustificárase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

*A.- Certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello ou mancomunidade beneficiaria, no que se fagan constar os seguintes extremos:*

*a) Que o servizo de limpeza viaria prestouse efectivamente nun período mínimo de tres meses do ano 2023 e ademais e en todo caso nas datas nas que a Deputación estableceu a limpeza obrigatoria dun número mínimo de quilómetros da rede viaria provincial.*

*b) Se o servizo se prestou por xestión directa, indicárase a identidade do empregado ou empregados públicos designados para a prestación do servizo e o seu réxime de vinculación xurídica coa entidade local.*

*c) Se o servizo se prestou por xestión indirecta, indicárase o contrato administrativo a través do que se prestou, sinalando a súa data de adxudicación, importe e empresa adxudicataria.*

*d) Relación dos custes directos subvencionables de prestación do servizo soportados pola entidade beneficiaria, indicando o seu importe.*

*e) Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.*

*B.- Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.*

*2. As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2023. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2023 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2023.*

*No suposto en que non se presente a documentación xustificativa en prazo, non se formulará ningún tipo de requirimento ao respecto, e procederase directamente á declaración da perda do dereito ou reintegro da subvención, previa audiencia da entidade interesada.*

*3. Presentada a documentación xustificativa, emitirase informe polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, en relación coa corrección da documentación presentada, e polo Servizo de Vías e Obras, no que se determinará se a realización da limpeza das vías provinciais se desenvolveu nas condicións establecidas por resolución da Presidencia.*

*En caso de que o informe do Servizo de Investimentos e Patrimonio sexa desfavorable, requirirase á entidade solicitante a emenda da documentación presentada, por prazo de dez días hábiles. Neste mesmo prazo, a entidade local poderá formular as alegacións que estime oportunas ao respecto, se considerase que a documentación achegada é correcta.*

*No caso de que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, darase traslado deste informe á entidade beneficiaria, que disporá igualmente dun prazo de dez días hábiles para a formulación de alegacións.*

*Os trámites anteditos se refundirán nun único trámite de audiencia e requirimento de emenda de deficiencias, no caso de que os dous informes sexan desfavorables.*

*4. Concluída a instrución da peza de xustificación, o Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio (previo o informe do Servizo de Vías e Obras respecto das alegacións respecto da limpeza efectuada nas vías provinciais) formulará proposta de resolución á Presidencia.*

*A dita proposta será sometida a fiscalización previa pola Intervención, conforme ao previsto nos artigos 214 a 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

*A Presidencia resolverá, segundo proceda, nalgún dos sentidos seguintes:*

*a) Declarar totalmente xustificada a subvención, ordenando o seu pagamento ao beneficiario, cando a xustificación se presente correctamente e o informe de Vías e Obras sexa favorable.*

*b) Declarar parcialmente xustificada a subvención, ordenando o pagamento do importe correspondente, e a simultánea declaración de perda parcial do dereito á subvención (ou do reintegro dos pagos anticipados, de se-lo caso) nos supostos en que o gasto xustificado sexa inferior á subvención concedida ou cando conste a existencia doutras axudas ou subvencións, públicas ou privadas que, sumadas á subvención provincial, excedan en conxunto do gasto xustificado.*

*c) Declarar a perda total do subvención (e a obriga de reintegro dos pagos anticipados, de se – lo caso) nos casos en que o informe do Servizo de Vías e Obras sexa desfavorable, así como nos casos de ausencia de xustificación ou cando da xustificación presentada se desprenda o incumprimento das condicións establecidas no presente Programa. Excepcionalmente, nos supostos en que do informe desfavorable do Servizo de Vías e Obras se desprenda que o incumprimento da obriga de limpeza das marxes da rede viaria provincial ten un carácter leve, a Presidencia poderá declarar unicamente a perda ou reintegro parcial da subvención, reducindo esta na porcentaxe que se considere axeitada en aplicación do principio de proporcionalidade.*

*5. Sen prexuízo do anterior, poderá realizarse o pago anticipado do 50 % do total estimado da subvención en calquera momento posterior á adhesión ao Programa de cooperación, trala solicitude previa da entidade local beneficiaria. O pagamento anticipado suxeitarase aos requisitos establecidos no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).*

*6. Nos supostos en que da acta á que se refire o derradeiro parágrafo da base 7ª se desprenda un incumprimento de carácter substancial e non emendable por parte do beneficiario, a Deputación, sen necesidade de agardar á presentación da xustificación, iniciará o expediente de declaración de perda total ou reintegro da subvención, no que se dará audiencia ao interesado.*

*En caso de que o incumprimento advertido teña carácter leve ou sexa emendable, a entidade local beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais para emendar as deficiencias advertidas. Transcorrido o dito prazo, o Servizo de Vías e Obras xirará nova visita de*

*inspección, da que se levantará acta con mesmo contido que na primeira visita. De persistir as deficiencias, a Deputación procederá á apertura do expediente de declaración de perda ou reintegro da subvención, que poderá ter carácter parcial en caso de incumprimentos leves. A declaración de perda parcial non eximirá á entidade local beneficiaria da obriga de presentar a xustificación prevista no apartado 1 desta base con respecto á parte de subvención subsistente.*

*7. A Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións. Cando do informe de control financeiro se deduza a existencia de irregularidade na xustificación, a Deputación incoará o expediente de reintegro que proceda, que se tramitará conforme ao previsto na Lei xeral de subvencións e á súa normativa de desenvolvemento.*

***Novena.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:***

*Estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para a mesma finalidade, sempre que o conxunto das axudas percibidas non exceda do 100 % do gasto corrente directo do servizo subvencionado soportado pola entidade local no período mínimo recollido na cláusula primeira. No suposto de que as subvencións percibidas excedan a dita porcentaxe, a subvención reducirase ata acadar o límite sinalado. A redución poderá acordarse, de oficio ou a instancia do beneficiario, en calquera momento no que a Deputación teña coñecemento da concorrencia de axudas, e mesmo con posterioridade ao pagamento da subvención, mentres non prescriba a acción administrativa de reintegro.*

*Estas subvencións son incompatibles con calquera outra concedida pola Deputación Provincial de Ourense ou polo INORDE para a mesma finalidade, con independencia da súa contía e procedemento de concesión.*

***Décima.- Normativa aplicable:***

*De conformidade co establecido na Disposición Adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, as subvencións incluídas neste programa de cooperación réxense polas súas normas específicas. A Lei xeral de subvencións e as súas normas complementarias e de desenvolvemento serán de aplicación supletoria, agás naqueles casos en que as presentes bases remitan ás ditas normas, en que serán de aplicación directa.*

*En todo caso, será de aplicación a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das*

*administracións públicas e procedemento administrativo común.*

**ANEXO I**

**MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN**

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2023, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

*1º) Aprobar a adhesión do Concello / da Mancomunidade de \_\_\_\_\_ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2023, solicitando a concesión dunha subvención por importe de 4.500 euros (no caso de solicitar un importe inferior, indíquese expresamente neste apartado a cifra solicitada).*

*2º) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación, en particular as previstas na cláusula 7ª das bases que regulan o programa de cooperación, comprometéndose a realizar os traballos da rede viaria provincial que se determinen por resolución da Presidencia da Deputación, para un tramo ou conxunto de tramos de entre 10 e 12 quilómetros de lonxitude.*

*3º) Declarar que o Concello/ a Mancomunidade de \_\_\_\_\_ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.*

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN AXUDAS**

*Don/Dona \_\_\_\_\_, alcalde do  
Concello/presidente Mancomunidade de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_,*

**DECLARA**

*Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a mesma finalidade, sexa pública ou privada.*

*Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:*

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

*\*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "pendente" na columna.*

*No caso de solicitudes denegadas, farase constar "denegada".*

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

## **8º.- PROGRAMA DE ASISTENCIA A ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO DA AUGA PARA O EXERCICIO 2023**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente dos puntos 5º, 6º, 7º e 9º.

Non se producen intervencións e por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Programa provincial de asistencia ás EE LL para a xestión de servizos do ciclo da auga para 2023, elaborado pola Área de Medio Ambiente da Deputación Provincial, que consta no expediente electrónico n.º 2022/15166V, CSV: 14610755476020476557 en <https://sede.depourense.es>

2º.- Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles, o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. As reclamacións ou alegacións que se formulen no dito prazo serán resoltas polo Pleno da Corporación. No caso de non formularse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación íntegra do Programa no BOP.

## **9º.- BASES REGULADORAS PARA ELABORACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2023**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente dos puntos 5º, 6º, 7º e 8º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (8), de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras para elaboración do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2023, co seguinte teor literal:

### **1ª) Obxecto.**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da Rede viaria provincial para o exercicio 2023.

## **2ª) Estrutura do Plan provincial de cooperación 2023. Distribución dos investimentos por concellos.**

1. O Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2023 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

2. O Plan provincial 2023, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da Rede viaria provincial:

Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente no Plan provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan provincial 2023 é a seguinte:

Investimento total previsto na Rede viaria provincial: 1.500.000,00 €

Achega da Deputación á RVP (100%): 1.500.000,00 €

Investimento total previsto en obras municipais (incluída a Entidade Local Menor de Berán): 4.716.000,00 €, dos cales 4.440.000,00 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.716.000,00 €,

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 51.000,00 €; da dita cantidade, 48.000,00 € destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan poderanse incluír obras adicionais para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ao financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo.

### **3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.**

#### 1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª.

#### 2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ao presidente da Deputación e deberán ter entrada no rexistro electrónico xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas antes de que remate o día 20 de xaneiro de 2023. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

#### 3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de ser o caso, a delegación da competencia para a súa contratación.

No acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.

Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.

Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.

Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describírase como “abastecemento e pavimentación en..”).

No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

#### 5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2023, que será sometido ao ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria do mes de febreiro de 2023.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicarálles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

#### 6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

#### **4ª) Tramitación do plan Provincial:**

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan que tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales como modificacións dos

orxamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non afecten ao orzamento total do plan nin á súa distribución por municipios.

### **5ª) Execución do Plan provincial:**

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial como ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación das ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe igual ou superior ao 100 % do financiamento comprometido pola Deputación Provincial para execución material das obras (48.000,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial

A Deputación Provincial (e se é o caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 30 de novembro de 2023 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2023; non obstante o anterior e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá ampliarse o prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, co límite do día 30 de novembro de 2024.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola Deputación con cargo ao crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor daqueles concellos que, en consideración ao investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.

Nas obras financiadas con cargo ao plan provincial instalarase, en lugar visible, o pertinente cartel de obra segundo o modelo aprobado por esta Deputación, debendo permanecer instalado o dito cartel dende a data da sinatura da acta de comprobación do trazado de planta ata a data de expiración do prazo de garantía.

### **6ª) Execución das obras pola Deputación**

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprir, antes do 30 de setembro de 2023, os seguintes trámites:

Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:

a) Aprobación do proxecto técnico de obras.

b) Declaración expresa de que a actuación proposta é conforme coa normativa urbanística e a lexislación sectorial de aplicación e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das

súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais, o acordo municipal indicará o dito extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.

c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.

d) Compromiso de asumir todas as indemnizacións que resulten procedentes cando as obras non poidan executarse por falta de disposición dos terreos ou das autorizacións necesarias con dito fin.

e) Declaración expresa de que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación.

f) Declaración expresa de que a actuación de que se trata constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente ou, se é o caso, que constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral ou do servizo.

Remisión da acta de trazado de planta (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

### **7ª) Execución das obras por delegación**

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitirle á Deputación, antes do 30 de setembro de 2023, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da Deputación) xunto co proxecto técnico correspondente –para os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencias técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, tralo informe previo favorable da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida para os ditos efectos, concederase por resolución da Presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

A Deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adjudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra.

### **8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.**

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicarlle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custos derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

### **9ª) Réxime especial para os concellos a causa da conxuntura económica xeral**

Os concellos da provincia, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais de todo o importe da achega provincial ás obras municipais (51.000,00 €) -non se aceptarán nin anticipos, nin xustificacions parciais-, con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e do persoal da corporación, dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base e dos gastos correspondentes aos servizos básicos imprescindibles para o funcionamento dos edificios municipais, tales como auga, enerxía eléctrica, servizos de telefonía, datos, seguros, mantemento programas, software, publicacións, calefacción, sistemas de seguridade, alugueiros, licenzas, e demais gastos correntes que non correspondan a servizos mínimos obrigatorios, do artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. A xustificación da utilización da totalidade dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 30 de novembro de 2023 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións, segundo o modelo que se achega como anexo a estas bases.

### **10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán a causa da conxuntura económica xeral**

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de ser o caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.

### **Anexo.- Modelo de conta xustificativa**

Don/a ..... (habilitado/a nacional - poñer a categoría á que pertencen)  
..... do Concello ..... do cal é alcalde/esa .....

#### **CERTIFICO:**

1. Que a **conta xustificativa** asinada polo/a alcalde/esa e o/a interventor/a de fondos do Concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións, é remitida a Deputación Provincial de Ourense antes de que remate o prazo, **en ningún caso prorrogable**, do **30 de novembro de 2023**, ascende á cantidade total de ..... euros , e que foron empregados para o pago dos gastos correntes do concello correspondentes aos servizos mínimos obrigatorios ou amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores (capítulos II e IX) detallados na táboa seguinte,

ACREDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	DESCRIPCIÓN DO GASTO (o máis detallada e clara posible)	DATA DO PAGAMENTO


2.- Que tal e como se detalla nas bases, a achega destinarase á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores, ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestacións de servizos mínimos obrigatorios (conforme o regulado no capítulo III – competencias – da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local).

3.- Que **se exclúen expresamente nas bases** os gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e do persoal da corporación, os gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na base 9ª e os gastos correspondentes aos servizos básicos imprescindibles para o funcionamento dos edificios municipais, tales como auga, enerxía eléctrica, servizos de telefonía, datos, seguros, mantemento programas, software, publicacións, calefacción, sistemas de seguridade, alugueres, licenzas, e demais gastos correntes que non correspondan a servizos mínimos obrigatorios, do artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4.- Que, segundo consta na contabilidade da ..... (carga de habilitado/a nacional) ao meu cargo, a contía do gasto corrente subvencionable, que foi obxecto de recoñecemento da obriga e **efectivamente pagado**, correspondente a Base 9ª (e 10ª) do réxime especial para os concellos (e a Entidade Menor de Berán) a causa da conxuntura económica xeral do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2023, ascende á cantidade total de ..... euros.

5.- Que non se recibiron outras subvencións ou axudas públicas para o financiamento dos gastos correntes subvencionados.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, emítese o presente certificado en ..... o ..... de ..... de .....

Asdo,

V. e prace  
alcalde/esa

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas as bases de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **10º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES DO GRUPO SOCIALISTA AO PROGRAMA ESPECIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS PROMOVIDAS POLO CONCELLO DE OURENSE (2022-2023) E APROBACIÓN DEFINITIVA.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Toma a palabra para sinalar que se trata de tomar en consideración as alegacións do grupo socialista a este programa xa aprobado

inicialmente. Engade que lle chama moito a atención que o voceiro socialista sinalou que a presentación de alegacións é unha ferramenta democrática, para sinalar que a cooperación que se contempla neste programa é exactamente o mesmo, xa que se bota man dunha ferramenta burocrática para poder executar unhas obras, que na súa opinión son moi importantes para a cidade. Sinala que el non pode saber a finalidade das alegacións pero que está moi claro e é indiscutible o efecto das alegacións, que non é outro que se retrasa a execución das obras. Para finalizar sinala que o informe da Secretaría Xeral é suficientemente claro e fundamenta a desestimación das alegacións do grupo socialista.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que o informe da Secretaría Xeral se atopa perfectamente estruturado, é aclaratorio, e é moi didáctico, concluíndo que o programa de cooperación cuestionado se adapta á normativa de aplicación, que é a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación provincial. Engade que ao longo do informe se indica que estamos diante dunha acción cooperadora peculiar e que se tramita polo procedemento previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación. Este artigo sinala que os programas de cooperación deben tramitarse en procedementos de concorrencia, suposto que non se dá neste plan ao ter un único concello destinatario, tal e como se sinala no informe. Porén desta previsión, o propio artigo 10 permite adaptar os procedementos ás peculiaridades da acción cooperadora de que se trate. Dende logo, desde o grupo provincial socialista enténdese que esta acción cooperadora non respecta os principios recollidos no artigo 10 da ordenanza, pero feita a lei, feita a trampa, e o propio artigo 10 indica todo o anterior, enténdese sen prexuízo do outorgamento de subvencións nominativas. Todo un paradoxo legal, xa que os procedementos de concorrencia deben ser os ordinarios, e o outorgamento directo a excepción, todo o contrario do que sucede nesta administración. Todos coñecemos o xeito de bordear a lei desde dentro nesta Deputación, e concorda co indicado polo seu compañeiro do grupo socialista no anterior debate sobre este asunto cando cualificou este convenio como cooperación simulada. Remata indicando que aínda que agradecen e respectan o informe da Secretaría Xeral, o seu voto vai ser en contra.

- 1ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Comeza sinalando que o grupo socialista se abstivo neste asunto, tanto nas comisións informativas como no pleno na súa aprobación interior, polo que lle sorprende que logo se descolgasen con este escrito de alegacións. Os deputados e deputadas do grupo socialista deben explicarlle á veciñanza de Ourense porque están en contra de que se realicen estes proxectos estratéxicos para a cidade. Indica que na

Deputación os deputados socialistas presentan alegacións que retrasan o inicio das obras, e no concello, a 500 metros, concelleiros do mesmo grupo socialista preguntando como van estas obras, polo que ninguén pode entender isto, que non é máis que a contradición do día a día do partido socialista. A continuación sinala que a actuación cooperadora das deputacións debe dirixirse preferentemente aos concellos de menos de 20.000 habitantes, pero non debe excluír ás grandes cidades. O PS de G-PSOE fai a política do recurso, e o PP a política da cooperación. A continuación amosa os datos da Deputación da Coruña, que achega grandes subvencións para cidades como A Coruña ou Santiago de Compostela, ou a Deputación de Pontevedra que fai un convenio directo millonario para obras no concello de Vigo ou no de Pontevedra. É dicir, o grupo socialista critica aquí o que fai noutras deputacións provinciais, e outra mostra é o plan único da Deputación de Lugo que lle outorga medio millón de euros á capital da provincia. Remata indicando que se trata de obras moi necesarias para a cidade de Ourense.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Nesta quenda sinala que o lema do partido socialista debe ría ser “haz lo que yo diga, pero no lo que yo haga”, e que sempre intentan branquear todo o que sucede na política deste país. Engade que a política deste grupo socialista pasa por recorrer e denunciar todo, votar todo non por sistema, e desexando que a Deputación e o concello non poidan facer nada de nada. A continuación sinala que a ela si que lle preocupa moito que o goberno central faga concesións políticas a favor dos herdeiros de asasinados da Garda Civil, e que a propia web do Ministerio do Interior reconece que ETA matou a 210 gardas civís, e que é unha vergoña vir aquí a branquear a BILDU, e que estamos en España, un país onde todos somos iguais.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza indicando que o presidente Aznar cualificou a ETA como o movemento nacional de liberación vasco, e que mantivo unhas posturas que posiblemente hoxe non serían asumidas polo PP, xa que fixo políticas de acercamento de presos de Eta ao País Vasco coas armas enriba da mesa. Engade que el é nacionalista e está dentro do Estado español, pero que non lle importaría mudalo, e que debemos, sen esquecer o que ten pasado, darlles a benvida a todos aqueles que se sitúan dentro da democracia e mirar cara adiante. A partir de aí, sinala que a posición do BNG vai ser a abstención, e que entende que estamos facendo trampas ao solitario, pero que parece que é legal. Para rematar lembra servizos provinciais que redundan en beneficio da capitalidade

como o Teatro Principal, o Pazo dos Deportes Paco Paz ou o OUFF, e reitera que o voto vai ser a abstención.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Incide no manifestado na súa primeira intervención, xa que tanto as alegacións do PSOE como a actuación da Deputación son lexítimas e legais, están dentro das regras do xogo e da burocracia administrativa. Remata indicando que desestimando estas alegacións se poderán executar estas obras tan necesarias.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que os tempos da súa xestión política os marcan eles mesmos, e non os outros partidos. O grupo socialista non se opón ás obras incluídas no programa, pero o que aquí se expón é a colaboración entre a Deputación e o concello de Ourense. É igual que a continua alusión ao recurso ás axudas de autónomos, xa que non se impugnaron as axudas, senón o procedemento que permitiu que entraran en torno a 600 expedientes antes de abrirse o prazo, polo que lle pide ao grupo popular que deixe de terxiversar a información que dá. Para rematar lembra que a Policía Foral de Navarra existe desde o ano 1921 e que o propio Feijóo recentemente reclamaba algo similar para a nosa Comunidade de Galicia.

- 2ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Indica que sorprende moito que o grupo socialista recorra e diga que non está en contra das axudas aos autónomos, pero cando o expediente ten todos os informes favorables, as impugnan no xulgado. Algo parecido sucede neste caso, polo que non poden afirmar que non están en contra destas obras no concello de Ourense. Remata reiterando que o grupo socialista practica a política do recurso e o grupo popular a política da cooperación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), da deputada non adscrita e de DO (2), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas polo Grupo Socialista de conformidade co informe da Secretaría Xeral de data 10.11.2022, que consta no expediente co CSV: 14157770427105004725 en <https://sede.depourense.es>.

2º.- Aprobar definitivamente o Programa Especial de cooperación ás obras promovidas polo concello de Ourense (2022-2023) e proceder á súa publicación no BOP.

**11º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A XESTIÓN E CONTRATACIÓN DELEGADA DO EXERCICIO DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DA EDAR DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións e por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º) Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de San Cibrao das Viñas para a xestión e contratación delegada do exercicio do servizo de explotación e mantemento da EDAR de San Cibrao das Viñas, de acordo coas seguintes cláusulas:**

**1ª) Obxecto.-**

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento do marco regulador da delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias do Concello de San Cibrao das Viñas para a xestión e contratación do servizo de depuración de augas residuais prestado a través da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de San Cibrao das Viñas, como fórmula de cooperación da Deputación co concello para garantir a calidade na prestación deste servizo.

Por razóns técnicas de operatividade e eficacia, a delegación inclúe o tanque de tormenta situado no estacionamento de vehículos da marxe esquerda da estrada de Salgueiros, polo que neste convenio entenderase incluída nas instalacións da EDAR

**2º) Suxeitos parte no convenio.-**

Son parte no presente convenio as seguintes administracións públicas:

O Concello de San Cibrao das Viñas, que actúa no exercicio das competencias que lle corresponden para a prestación do servizo de depuración de augas residuais, de conformidade co establecido no artigo 27.1 e 27.2.b) da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia.

A Deputación Provincial de Ourense, que actúa no exercicio das súas competencias de cooperación e asistencia a concellos previstas no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co disposto no artigo 195.i) da Lei 5/1997,

de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que expresamente prevé a delegación de competencias como técnica de colaboración e cooperación entre as entidades locais galegas.

### **3º) Contido da delegación de competencias establecida no presente convenio.**

En virtude do presente convenio, o Concello de San Cibrao das Viñas delega na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias para a xestión e contratación do servizo de explotación e mantemento da EDAR de San Cibrao das Viñas, nos seguintes termos:

A delegación das competencias de xestión do servizo de depuración prestado a través da EDAR inclúe tódalas facultades de xestión e os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo, incluíndo o exercicio da potestade sancionadora.

Se exclúen da delegación, en todo caso, o exercicio das competencias de ordenación do servizo, tanto no seu aspecto substantivo como no seu aspecto fiscal, así como as competencias de xestión tributaria e recadación das taxas do servizo, que continuarán sendo exercidas polo Concello de San Cibrao das Viñas.

b) A delegación das competencias de contratación do servizo comprende o exercicio de todas as facultades que como órgano de contratación lle corresponden ao Concello de San Cibrao das Viñas en relación coa contratación da prestación do servizo de explotación e mantemento da EDAR, incluíndo a realización de todos os actos de preparación do expediente de contratación, licitación e adxudicación do contrato, modificación, interpretación e resolución do contrato, control do seu cumprimento e, en xeral, todos os actos que en relación co dito contrato lle corresponden ao órgano de contratación, incluíndo a resolución dos recursos contra os ditos actos, cando proceda.

No exercicio desta delegación, a Deputación Provincial elaborará un proxecto de expediente de licitación, que incluírá os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas. O proxecto de expediente será sometido, previamente á súa aprobación, á prestación de conformidade por parte do órgano municipal competente en materia de contratación. A Deputación non poderá proceder á aprobación do expediente e á licitación do contrato sen a dita conformidade previa.

### **4º) Réxime económico da delegación.-**

O Concello de San Cibrao das Viñas asumirá integramente os gastos que para a Deputación supoña a contratación delegada, incluíndo tanto o importe do contrato soportado pola Deputación como os custos asumidos pola Deputación para realizar os actos preparatorios e

de control do contrato.

Exclúense, non obstante, tódalas actuacións que a Deputación realice cos seus medios propios, persoais ou materiais, que non serán obxecto de repercusión en ningún caso, sendo asumido o seu custe integramente pola Deputación Provincial.

A repercusión dos custes realizarase pola Deputación mediante liquidación trimestral, que será notificada ao concello, dispoñendo este dun prazo de trinta días hábiles para o seu pagamento.

En caso de falla de pago en prazo, a Deputación Provincial poderá exercer as accións administrativas e xudiciais oportunas para o cobro da débeda, incluíndo a execución da garantía establecida no apartado seguinte ou, de se – lo caso, a compensación cos créditos de que dispoña o concello fronte á facenda provincial.

O concello garantirá as obrigas económicas derivadas do presente convenio mediante algunha das seguintes fórmulas:

Mediante delegación na Deputación da xestión tributaria e recadación dalgún dos seus tributos, cuxo padrón teña un importe suficiente para cubrir as obrigas económicas derivadas do presente convenio. A tal efecto, no acordo de aprobación do presente convenio, o concello deberá outorgar a delegación e autorizar expresamente á Deputación a deducir dos tributos recadados por delegación o importe non satisfeito en período voluntario das liquidacións de gastos derivados deste convenio.

A aprobación do convenio por parte da Deputación queda suxeita á emisión de informe pola Área de Facenda - Tesourería en canto á suficiencia da garantía prestada nesta modalidade.

Alternativamente á garantía establecida no apartado a), o concello poderá constituír calquera das seguintes:

Aval prestado por entidade de crédito, polo importe total das obrigacións económicas derivadas do convenio, executable directamente a requirimento da Deputación.

Seguro de caución polo importe total das obrigacións económicas derivadas do convenio, executable directamente a requirimento da Deputación.

Acordo de afectación da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma do concello, polo que se autorice á Deputación a requirir ó seu favor o ingreso das cantidades endebedadas, sendo título executivo suficiente a certificación de descuberto expedida pola Intervención provincial. O acordo deberá afectar a participación en tributos ata o importe das obrigas económicas derivadas do convenio, e para a súa validez deberá

acompañarse de certificación expedida polo secretario – interventor do concello no que se expresen as débedas líquidas, vencidas e esixibles do concello coa Administración Xeral do Estado e calquera dos seus entes dependentes, a Comunidade Autónoma e calquera dos seus entes dependentes e a Tesourería da Seguridade Social, e se acredite que a cantidade afectada da participación en tributos do Estado ou da Comunidade Autónoma, segundo o caso, non se atopa xa afecta ó cumprimento doutras obrigas de calquera clase.

Para os efectos do establecido no apartado 3 desta cláusula, o importe das obrigas económicas derivadas do presente convenio se establece na contía que actualmente ten o custe do servizo para o concello actualizado nun 35%, referido a un período de catro anos, e que ascende á cantidade de 1.860.000 €

As garantías establecidas para a válida aprobación do convenio deberán acadar o importe sinalado. Sen prexuízo isto, o concello poderá actualizar á baixa as garantías constituídas nos seguintes supostos:

Unha vez adxudicado o contrato de servizos, en función da baixa obtida pola Deputación na licitación.

A medida que se vaian aboando as liquidacións trimestrais de custes, polo importe efectivamente aboado.

No suposto a), a Deputación comunicará ao concello a baixa obtida e a rebaixa do importe da garantía resultante, de se – lo caso, podendo a partir deste momento o concello proceder directamente ao reaxuste da garantía, comunicándollo á Deputación.

No suposto b), o concellos poderán proceder ao reaxuste das garantías de modo directo, comunicándollo á Deputación.

Sen prexuízo do anterior, a falla de pagamento do importe equivalente a unha anualidade de prestación do servizo municipal delegado dará lugar a que a Deputación revogue unilateralmente a aceptación da delegación conferida, o que se realizará previa audiencia do concello. Unha vez acordada a revogación da aceptación, esta decisión será executiva no prazo de tres meses dende a súa notificación ao concello, estando o concello obrigado a subrogar o contrato adxudicado pola Deputación no dito prazo.

#### **5ª) Vixencia temporal do convenio.**

O presente convenio estará vixente durante catro anos podéndose prorrogar conforme ao establecido no artigo 49.h), regra 2ª, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O límites temporal da prórroga será a data de finalización do contrato

de explotación da EDAR de San Cibrao das Viñas.

**6ª) Eficacia temporal das delegacións de competencia contidas no presente convenio.-**

As delegacións de competencias outorgadas á Deputación Provincial a través do presente convenio producirán efecto nos seguintes termos:

A delegación do exercicio das competencias para a preparación do expediente de contratación terá efectos a partir do día seguinte ao da formalización do convenio.

A delegación do exercicio das competencias para a licitación e adxudicación do contrato do servizo, terá efectos a partir do día seguinte ao da adopción polo órgano municipal competente do acordo de conformidade co proxecto de expediente de contratación.

O resto de delegacións a que se refire este acordo serán efectivas a partir do inicio da execución do contrato polo contratista seleccionado pola Deputación.

**7ª) Causas de resolución do convenio.**

O presente convenio resolverase polas causas establecidas no artigo 51 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público, e ademais polas seguintes:

Por decisión unilateral da Deputación, exclusivamente no caso previsto na cláusula 4ª, apartado 2, parágrafo 3º.

Por decisión unilateral do Concello de San Cibrao das Viñas, adoptada en calquera momento e sen necesidade de alegación de causa xustificativa, comunicándoo á Deputación cun prazo mínimo de tres meses de antelación á súa data de efectividade. En todo caso, a resolución do convenio implicará, na súa data de efecto determinada polo concello, a subrogación automática do concello no contrato de prestación do servizo adxudicado pola Deputación. A Deputación continuará liquidando os gastos xerados pola súa xestión delegada ata a extinción da delegación, conforme ao sinalado no apartado c).

**8ª) Comisión de seguimento.**

Establécese unha comisión de seguimento do convenio, que estará integrada polo deputado – delegado de cooperación e o alcalde, ou concelleiro no que delegue.

A comisión estará asistida polo director da Área de Medio Ambiente e o xefe da Sección de Control de Augas, con voz pero sen voto.

O alcalde poderá asistir ás sesións acompañado de membros do goberno municipal ou técnicos asesores.

Actuará como secretaria da comisión unha das asesoras xurídicas, coas funcións propias da secretaría de órgano colexiado.

A comisión de seguimento reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo polo concello, conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

Serán de aplicación ao funcionamento da comisión as normas sobre órganos colexiados recollidas na sección 3ª do capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sen prexuízo de que a comisión poida establecer as súas propias normas de funcionamento.

**9ª) Réxime xurídico.**

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción, así como respecto dos actos de aplicación adoptados pola comisión ou polas administracións públicas que o subscriben.

**2º) Ordenar a publicación de este acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento.**

**3º) Remitirilles electronicamente ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas unha copia do convenio para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.**

**12º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE DE OUTORGAMENTO DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE A DON ANTONIO CARREÑO GONZÁLEZ.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Fai uso da palabra para manifestar a súa conformidade con esta proposta.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Igualmente manifesta a súa conformidade, se ben aproveita para reivindicar o papel da muller, e máis nun día como o de

hoxe, lembrando que en todo o mandato aínda non conseguimos outorgar ningunha a mulleres, polo que pide que se tome en consideración esta proposta.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Con brevidade manifesta a súa conformidade coa proposta, lembrando que é unha proposta dos compañeiros socialistas do concello de Parada de Sil. Fai súa igualmente e reivindicación do grupo do BNG indicando que seguro que hai mulleres nesta provincia moi merecentes dalgún dos títulos honoríficos previstos no regulamento de honras desta Deputación.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Sinala que o seu grupo apoia a proposta da Presidencia, e que a el como instrutor lle corresponderá por en valor os méritos deste insigne persoeiro.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente de outorgamento da Medalla da Ouro da Provincia de Ourense a don Antonio Carreño González, mediante a seguinte providencia do 3 de novembro de 2022:

*“A Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, tras unha reunión no Pazo Provincial co filólogo e investigador Antonio Carreño González (Parada de Sil, 1939), para comunicarlle que se iniciaría o expediente para distinguilo coa Medalla de Ouro da provincia.*

*Polo exposto, **DISPOÑO**:*

*1º.- Incoar o expediente para a concesión da Medalla de Ouro da provincia ao filólogo e investigador Antonio Carreño González.*

*2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente segundo don César Manuel Fernández Gil como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.*

3º.- *Solicitarlle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.*

### **13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE ADECUACIÓN Á LEGALIDADE DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda de intervención da lectura á moción do seu grupo na que se indica que no mes de febreiro do ano 2020, o Grupo Provincial Socialista trouxo a este órgano colexiado a irregular situación que se está a producir nesta institución, en relación co uso abusivo dos contratos menores como sistema masivo de adxudicación. Naquelas datas, a Deputación de Ourense xa lideraba unha clasificación nacional de dubidoso prestixio, sobre cantidades adxudicadas a través deste procedemento. Supoñemos que, coñecendo a obsesión da presidencia por liderar todo tipo de *rankings*, seguiremos en condicións, non só de seguir liderando aquela táboa, senón e a vista dos datos recollidos desde entón, de *mellorar* aquelas escandalosas cifras, tanto en cantidade como en número de contratos. Os datos analizados en materia de contratación xa eran escandalosos cando tomamos como referencia os exercicios de 2018 e 2019, onde destapamos o reparto a dedo de sete millóns de euros, fragmentados de forma presuntamente irregular en 160 contratos menores de obra entre catro empresas. Trala entrada en vigor da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, pola que se trasladaron ao noso Estado as directivas comunitarias 2014/23/UE e 2014/24/UE, introducindo, entre outras cuestións, novos mecanismos para evitar fraudes nos procesos de contratación, a Deputación de Ourense repetiu este carrusel de adxudicacións menores. En moitos casos foron importes exactamente iguais, sempre no límite máximo permitido, independentemente do obxecto e sempre entre as mesmas empresas. Este irregular proceder continuou –e continúa– a pesar do contundente informe do Consello de Contas de Galicia, no que se define o contrato menor como “unha ameaza de cara ao cumprimento dos principios da contratación pública de libre concorrència, transparencia e integridade”, engadindo a Oficina Independente de Regulación da Contratación que “o sistema de

adxudicación directa propio deste procedemento de contratación menor choca de maneira frontal co principio de libre concorrência”. Segundo os datos xa fiscalizados polo Consello de Contas, na Deputación de Ourense a contratación menor é o procedemento ordinario de adxudicación, sumando o 80 % do volume contratado nos anos 2018 e 2019. Adxudicáronse mediante este procedemento todos os contratos de obras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos municipais, onde esta Deputación, segundo as bases, ten a competencia para a contratación. Ademais, o 70 % do volume deses contratos menores de obras concentráronse en cinco adxudicatarios, superando dúas delas o millón de euros de facturación total. Estamos evidentemente ante un sistema de adxudicación sistemático a dedo de contratos, que realmente deberían ser licitados mediante un procedemento aberto. Este proceder viola o espírito da lei de contratos en vigor, polo que nos atopamos ante un sistema sospeitoso de irregularidades. Resulta realmente sorprendente que os importes das obras son iguais, sendo obxectos distintos e, moitos deles, son adxudicados o mesmo día. De feito, é aínda máis sospeitoso que, a medida que a lexislación foi reducindo o importe máximo destes contratos menores, o número de adxudicacións a estas empresas aumentou mentres o importe individual decreceu, a pesar de ser obxectos similares aos de exercicios anteriores. De acordo coa Lei 9/2017, os contratos adxudicaranse “ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios baseados no principio de mellor relación calidade-prezo”, utilizando o “procedemento aberto ou o procedemento restrinxido”. A continuación enumera algunhas excepcións como os contratos de concesión de servizos especiais ou nos supostos do artigo 168, onde poderá seguirse o procedemento negociado sen publicidade; nos casos previstos no artigo 167, onde poderá recorrerse ao diálogo competitivo ou á licitación con negociación; e nos indicados no artigo 177, onde se poderá empregar o procedemento de asociación para a innovación. Esta mesma lexislación limita os contratos menores a usos excepcionais. Este carrusel de adxudicacións a dedo non foi freado nin por unha pandemia mundial, nin por os informes fiscalizadores do Consello de Contas, nin por unha recente sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.1 de Ourense. Tampouco se está a ter en conta a instrución de servizo 1/2022 da Secretaría Xeral desta institución, onde se indica que “as propostas de contratación que non cumpran co requisito da xustificación motivada da ausencia da fraccionamento indebido do obxecto do contrato, serán rexeitadas, e no caso de ter que informarse, o informe da secretaría xeral será

desfavorable a empregar o procedemento de contratación menor”, engadindo tamén que “as unidades propoñentes deben lembrar que a filosofía subxacente aos contratos menores debe ser en todo caso a súa excepcionalidade, xa que obvian os principios de publicidade e libre concorrència, e por tanto deben empregarse en supostos residuais.” Analizadas novamente as adjudicacións mediante contratos menores de obras desde 2020 ata a data de sinatura desta moción, os datos, lonxe de mellorar, incrementáronse tanto no referente á cantidade como ao número. Xa acumulamos 425 procedementos a dedo onde, novamente unha gran maioría deles (268) volven ser para as mesmas empresas analizadas no estudo anterior (2018-2019). Segue encabezando a clasificación de empresas beneficiarias a sociedade ‘Manuel Viso e hijos’ que recibiu máis de 2,8 millóns de euros en 81 contratos menores. ‘Camiños de Ourense’ mantén a segunda posición, incrementando o importe total recibido ata superar dos 2,5 millóns de euros en 68 contratos. No podio continúa igualmente ‘Covias tec’, tras recibir máis de 1,7 millóns de euros en 51 contratos. Outro dato destacado seguen a ser os 1,2 millóns de euros en 31 contratos recibidos por ‘Explotacións Medioambientais’. Tamén entra nesta clasificación a empresa ‘Cruzval Obras e Servizos’, tras acumular máis de 1,1 millóns en 37 contratos. Estas cinco adjudicatarias do goberno de Manuel Baltar veñen de recibir a dedo un volume total que roza os 10 millóns de euros a través de 268 contratos menores. A obra que contratan as distintas administracións públicas debe ser xestionada con criterios moi estritos, por afectar os servizos e infraestruturas fundamentais que son de todos e todas. Tamén por financiarse con diñeiro público de toda a cidadanía. Estas actuacións son ademais un importante soporte vital para moitas empresas, que compiten por seguir adiante mantendo o emprego e actividade nas comarcas de Ourense. Ante estes datos, urxe mellorar os procedementos de contratación desta Deputación, co fin de acadar unha democracia real. Tamén para garantir unha competencia real; mellorar a calidade das infraestruturas e para optimizar a xestión económica. As administracións públicas teñen que actuar en base aos principios de equidade e igual trato para que todas as empresas conten con igualdade de oportunidades no acceso a estes fondos públicos. E, en todo caso, sempre ao amparo da lexislación vixente. Así o trasladamos á sesión plenaria de xaneiro de 2022, facendo tamén referencia as baixas derivadas dos procedementos de licitación e sobre o seu destino final, onde no caso do exercicio 2021 foron máis de 1,1 millóns de euros, obtendo o rexeitamento do grupo de goberno e dos seus socios, e así o volvemos trasladar ao máximo órgano

colexiado da corporación. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta as seguintes propostas de acordo: 1. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial presidido por Manuel Baltar, a acomodar os seus procesos de contratación á legalidade vixente e aos contundente informes emitidos polo Consello de Contas de Galicia, evitando o uso abusivo dos contratos menores, convertidos actualmente no procedemento normal de adxudicación. 2. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial presidido por Manuel Baltar, a executar as licitacións e adxudicacións de contratos cumprindo estritamente o estipulado na normativa española e comunitaria vixente en materia de contratación, utilizando para a súa adxudicación os procedementos aberto ou o restrinxido, en base a unha pluralidade de criterios baseados no principio de mellor relación calidade-prezo. Remata indicando que a política da discrecionalidade, do caciquismo e do clientelismo é a habitual nesta administración pública e é urxente mudar esta situación.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Fai uso da palabra para dicir que está de acordo con algo do dito polo voceiro socialista, e é que hai que mudar moitas cousas na Deputación, matizando que o que debe cambiarse é ao grupo socialista, e que para iso chega Paco Rodríguez. A continuación sinala que cada vez que ela toma a palabra os deputados socialistas alporízanse, xesticulan e falan, polo que é moi necesario un cambio nese grupo. Sobre a moción indica que non pode votar a favor dela porque tan só con ler o título xa se ve que non é atinada, porque este día e a esta hora ela non coñece ningún informe que indique que existan irregularidades nos contratos aos que se refire a moción. A continuación pregunta porque logo nos concellos nos que gobernan se fan contratos menores, e curiosamente con algunha das nomeadas na moción, como por exemplo no concello de Xinzo de Limia. Remata indicando que lle custa entender a mentalidade do PS de G-PSOE nesta Deputación, porque denuncia na Deputación unha cousa que logo fai nos concellos nos que goberna.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza indicando que o título da moción efectivamente pode dar lugar a dúbidas, pero que o fondo está moi claro. Esta cuestión habería que tentar resolvela doutro xeito no Parlamento do Estado, xa que o problema é que a normativa actual permite unha serie de quebras para chegar a este resultado. Pode ser que en maio, tras o resultado electoral, a cidadanía de Ourense mude esta forma de gobernar e estas prácticas, ou ben que o cambio veña imposto pola lexislación estatal, e neste

senso os nosos representantes no Parlamento estatal deben poñerse a traballar e legislar para impedir este tipo de prácticas e de fórmulas.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que parece que non foi o único que se sorprendeu co título da moción, xa que dela se desprende que os procedementos que se tramitan na deputación son ilegais, polo que quizás o camiño para resolvelo sexa ir ao xulgado e non unha moción. Os procedementos de contratación poden non compartirse desde o punto de vista político, pero se se está dentro da lei a única solución e que se dean modificacións a nivel lexislativo e se melloren os procedementos de contratación neste senso. Engade que os contratos menores son necesarios e é difícil atopar o equilibrio entre a axilidade da xestión pública e que non se dea ningún suposto de discriminación entre posibles empresas interesadas. Remata indicando que polo exposto o grupo de DO se absterá nesta moción.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que semella que o grupo socialista comezou a precampaña electoral ou ben que o señor Villarino quere manter a súa parte de poder. Engade que este tema está máis que debatido e que nada novo presenta o grupo socialista, sempre desde a política do non e do obstrucionismo. A continuación pregunta se esta vai ser a única alternativa do grupo socialista para os seus militantes e simpatizantes. Centrándose na moción, sinala que a xestión deste goberno provincial se basea na rigorosidade e na transparencia, e afirma que onde o grupo socialista goberna, non se pode dicir o mesmo. Todos os expedientes de contratación desta Deputación, desde a entrada en vigor da LCSP, incorporan informes de secretaría e de fiscalización da intervención provincial. Ademais existen outro tipo de controis, como por exemplo que nas obras de concellos debe ser o propio concello o que xustifique a ausencia de fraccionamento do obxecto do contrato, e os referidos informes de secretaría e de intervención. Engade que soamente analizan os datos desde o punto de vista dos contratos e non das contías. Así explica que de todo o licitado no ano 2021, o 1% se corresponde con procedementos negociados, o 61 % con procedementos abertos, e tan so o 38 % son contratos menores, polo que queda claro que o voceiro socialista conta os datos como lle interesa.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda indica que non se lle contestou a ningunha das preguntas que fixo, principalmente porque sempre son esas cinco mesmas empresas as que reciben as adxudicacións, e porqué os importes dos contratos son case sempre os mesmos en cada contrato de cada unha desas empresas. Sempre se repite a

mesma cifra, e sempre bordeando os corenta mil euros. Queremos que a transparencia, que só está nalgúns cuestións nesta Deputación, se estenda a todos os contratos, e como sinala a propia instrución da secretaría xeral provincial, que se xustifique que non existe fraccionamento nos contratos. Respecto ás alusións continuas ao recurso ás bases de subvencións para os autónomos, indica que o PP terxiversa totalmente a realidade, xa que non se impugnaron as axudas, senón as bases, e lembra que moitos autónomos presentaron a documentación antes de publicarse as bases, insistindo en que eles van contra as bases e non contra as axudas concedidas, preguntando como os que presentaron antes do prazo coñecían o que se ía pedir.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza indicando que o voceiro socialista non contestou porqué eles si contratan a través de contratos menores a algunhas das empresas que se menciona na moción nos concellos nos que gobernan. Sobre o recurso contra as axudas a autónomos insiste e que non entende que sigan adiante co recurso cando non quedou ningún autónomo sen axuda, supoñendo que é por facer política, en concreto mala política. Todo o que sexa bo para a cidade e para a provincia é bo para todos e para a política independentemente da cor política, pero parece que para o grupo socialista canto peor, mellor. Remata preguntando por que os concellos desta provincia nas que goberna o partido socialista se contrata sempre á mesma empresa para temas relacionados coa igualdade.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Ratifica que vai votar a favor desta moción, insistindo nos problemas de fondo e desexando que estas cuestións se solucionen co cambio de goberno nas furnas no vindeiro mes de maio de 2023.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Fai uso da palabra para indicar que as propostas de acordo que se votan recollen a vontade de “acomodar os procesos de contratación é legalidade vixente”, e iso sería recoñecer expresamente que os procesos de contratación son ilegais, razón pola que votará en contra desta moción. O importante é a letra e a interpretación literal do escrito, e as propostas da moción poñen o que poñen, polo que lle choca votar a favor de algo que recoñece de xeito implícito unha ilegalidade. Polo exposto o seu voto será abstención.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Respecto aos importes dos contratos menores sinala que moitos deles son das obras do plan provincial, actualmente dotado con 48.000,00 € por concello para execución de obras e polas subvencións nominativas para concellos, que en moitos casos presentan solicitudes polo importe do contrato menor. A

continuación sinala que á bancada socialista parece que só lle gusta o barullo mediático, parecendo que pretende cambiar todo para que todo siga igual, como sucede noutras institucións onde goberna o Partido Socialista. Para rematar pasa a relatar sobre a contratación menor e as súas elevadas porcentaxes noutras administracións como son os concellos do Carballiño, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Ribadavia, Verín, Deputación de Pontevedra ou Deputación de Lugo. Por último pregunta porqué nesta Deputación non valen os contratos menores e si valen nas institucións nas que goberna o Partido Socialista, insistindo en que os contratos menores son unha ferramenta legal, áxil e eficiente para a xestión dos recursos públicos, e máis cando se fai coa máxima transparencia como resulta nesta Deputación.

- quenda de peche de Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que o voceiro do grupo popular non responde a ningunha das preguntas formuladas, e concretamente non explica porque sempre son esas mesmas cinco empresas as que levan a práctica totalidade dos contratos menores de obras desta Deputación. A continuación insiste en que o grupo popular sempre emprega a táctica de sinalar persoalmente ao voceiro socialista, lembrando que se lle negou unha compatibilidade solicitada, que cumpría todos os requisitos e que tiña o informe favorable da secretaría xeral, e que o xulgado lle deu a razón, e a eles vai saírlles gratis, cando deberían responder patrimonialmente. Insiste en que o grupo socialista é un grupo unido e que non se dedica a meter ás súas familias na Deputación. Á parte do reparto clientelar a estas cinco empresas, resulta curioso que tamén se reparten o territorio provincial, e parece que as obras se fan en función das empresas, resultando unha acumulación de contratos, todo perfectamente pautado, como se fora unha trama. A continuación sinala que a empresa Diagrama Ingeniería de Galicia, da que é titular o señor Manuel Cabezas, resulta que ten nos últimos meses contratos de servizos por importes ao límite do que permite o contrato menor no concello de Ourense, parecendo que hai algún tipo de entente. Remata indicando que é evidente que se fai necesario un cambio de goberno na cidade e na provincia, xa que as cousas están corroídas e non hai argumentos de defensa polo Partido Popular, polo que esta forma de actuar terá as súas consecuencias ou ben nas furnas ou ben nos xulgados.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (1).

#### **14º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA RECLAMARLLE Á XUNTA DE GALICIA INVESTIMENTOS INDUSTRIAIS NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): O voceiro socialista comeza indicando que no Parlamento de Madrid o grupo popular e a extrema dereita braman continuamente do carácter morno da presidenta do Congreso, e nesta Deputación a Presidencia permite que se insulte e se fale de cousas que nada teñen que ver coa orde do día, como de ETA, durante dez minutos e sen facer a máis mínima observación. Seguidamente procede a dar lectura á súa moción na que se sinala que, segundo os datos máis actualizados ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE), a provincia de Ourense contaba en 2020 con 1.954 empresas de actividade industrial e 14.596 afiliacións en alta laboral neste sector en xuño de 2022. No epígrafe da agricultura e a pesca –ámbitos estreitamente relacionados coa industria da nosa comunidade– Ourense sumaba 3.242 empresas con 4.659 afiliacións en alta. Na Coruña son 5.325 empresas e 53.562 afiliacións industriais e 15.216 empresas e 20.086 afiliacións da agricultura e a pesca. En Pontevedra suman 4.966 empresas e 60.786 afiliacións industriais e 10.355 empresas con 14.890 afiliados e afiliadas na pesca e a agricultura. En Lugo, 1.790 empresas e 13.543 afiliados e afiliadas industriais, aos que hai que engadir 12.105 empresas e 14.676 afiliacións na agricultura e a pesca. Estes datos permiten obter unha ollada *grosso modo*, sobre o peso real do sector industrial en cada unha das catro provincias, evidenciando que, unha vez máis, Ourense ocupa o último lugar dentro de Galicia. Unha análise comparada destas cifras, tanto en termos relativos como absolutos, amosa que a industria aínda ocupa un papel secundario –ou incluso terciario– fronte ao sector dos servizos e da administración, que dominan con rotundidade o tecido económico provincial. Na actualidade, a política industrial está a captar de novo a atención en toda Europa como motor de novos e máis amplos obxectivos económicos e sociais, moi

relacionados coa transición ecolóxica ou a redución da dependencia de mercados exteriores no subministro de materias primas. Os e as economistas coinciden en resaltar que, un sector industrial forte, consolidado e, sobre todo, modernizado, resultará crucial para o desenvolvemento próspero co fin de lograr unha economía moderna e unha sociedade máis sostible. De feito, a inclusión desta reindustrialización na Axenda 2030 – aprobada pola asemblea xeral da ONU en 2015– como Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 9, confirma o seu papel central no programa xeral de futuro para desenvolvemento dos estados membros da Organización das Nacións Unidas, entre eles, España. O Goberno central ten competencias e facultades de impulso en materia industrial pero, no caso concreto de Galicia, a competencia en política industrial é exclusiva da Xunta, que non só ten que propoñer, senón tamén liderar as iniciativas e as políticas deste ámbito. Así o determina o artigo 30 do Estatuto de Autonomía, no que se detalla que “de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado”, corresponde á comunidade autónoma galega “nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 13 da Constitución a competencia exclusiva (sic), entre outros, en “industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear”. O mesmo artigo regula que tamén é competencia exclusiva da Xunta o “fomento e planificación da actividade económica en Galicia”. Sen embargo, podemos observar que, este obrigado fomento e impulso da activade industrial e económica por parte da Xunta, está a excluír deliberadamente a Ourense. Ningunha das iniciativas industriais do goberno galego está na provincia. Igualmente non frutificaron en territorio ourensá ningún dos grandes proxectos desenvolvidos no pasado. O eixo atlántico en xeral e a provincia da Coruña en particular destacan no mapa dos grandes proxectos industriais promovidos en Galicia, grazas ás políticas públicas de descarbonización e aos inxentes fondos europeos. Por exemplo: ningún dos sete proxectos que a Xunta tramita para elaborar hidróxeno e metanol renovables estará localizado aquí. A provincia coruñesa suma catro (As Pontes; Mugardos e dous na Coruña); Pontevedra dous (Caldas de Reis e Vigo) e Lugo un (Begonte). Outros grandes investimentos industriais relacionados coas renovables tampouco recalarán en Ourense: unha fábrica de fibras téxtiles irá a Palas de Rei (Lugo) e unha factoría de pneumáticos estará nas Pontes (e será clave tamén para Ferrol, xa que permitirá multiplicar

por catro o seu tráfico portuario de contedores). O recente anuncio da multinacional Maersk de producir metanol tamén recalará na Coruña. Na comarca de Ferrolterra, outra das zonas galegas con problemas demográficos, avanza imparables importantes accións industriais, algunhas de promoción pública como Navantia ou Reganosa. Gran parte destes investimentos multimillonarios están a frutificar agora grazas á dispoñibilidade de grandes cantidades de fondos públicos europeos para os plans de recuperación, tralo golpe económico provocado pola Covid-19. Estes plans están a permitir que Galicia acumule máis grandes proxectos empresariais que nunca, tanto de iniciativa pública como privada ou mixta, pero Ourense quedou totalmente á marxe. Non son os únicos exemplos. Recentemente a Xunta destacou, polo menos, 15 iniciativas empresariais que considera “prioritarias”, por pertencer a sectores estratéxicos ou por integrarse no financiamento ‘Next Generation’. Estarán situadas en Padrón, Ribeira, Carballo, A Coruña, Mugardos, A Laracha, As Somozas, Salvaterra de Miño, Vilanova de Arousa, Castro de Rei, Lugo, Monforte de Lemos e Sarreaus. Só un proxecto (unha planta de biometano) recalará na provincia. Supostamente. Que está a facer a Xunta para sacar a Ourense deste *apartheid* industrial? Nada. O Goberno galego, neste ámbito, está sumido nunha espiral do escapismo coa nosa provincia. Alguén recorda o último gran investimento industrial de promoción pública autonómica ou mediante colaboración público-privada? Nesta marxinação a Ourense tamén ten moito que ver que, por exemplo, no proxecto de orzamentos da Xunta para o exercicio de 2023, a nosa provincia será a que menos fondos recibirá, tanto en termos absolutos como relativos. Isto, ademais, non é unha situación puntual. Desde 2019, A Coruña recibiu dos orzamentos autonómicos 13.000 millóns máis que Ourense ou case 4.000 millóns máis que Pontevedra. Trala gran crise económica e social provocada pola pandemia global do virus Sars-COV-2, a de maior calado desde a desfeita ocasionada pola Segunda Guerra Mundial, a recuperación económica impulsada, entre outros, polas administracións públicas, está a converterse nunha prioridade absoluta. A reindustrialización inclusiva e sostible será fundamental para construír un futuro mellor, pero nós non estamos nese plan. Por iso, desde o PSdeG-PSOE defendemos que a administración autonómica galega debe ter un papel primordial, moito máis proactivo, na recuperación de Ourense xa que, ata o de agora, limitouse a, literalmente, mirar cara outro lado. A reindustrialización sostible xa está a desempeñar un papel fundamental na recuperación económica trala crise COVID-19 e a invasión de Ucraína ordenada por

Vladimir Putin. Por tanto, tamén debemos intensificar a colaboración público-privada para avanzar neste camiño. Estas accións están aínda máis xustificadas no caso de zonas como a provincia de Ourense, cuxos problemas económicos, demográficos e sociais non comezaron nin coa pandemia nin cos danos colaterais orixinados por un novo conflito bélico en territorio europeo. Comezaron antes, hai xa catro décadas, cun inaudito declive poboacional e industrial que provocou a fuga de grandes empresas como Citroën ou a emigración de decenas de miles de veciños e veciñas, ante a falta de oportunidades laborais. E, ata o de agora, ninguén puxo freo a esta grave situación aprobando proxectos serios, sólidos e factibles desde o goberno autonómico. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta as seguintes propostas de acordo: 1. A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias exclusivas en materia de promoción económica e industrial, mediante a elaboración das políticas e proxectos de apoio, impulso e execución de investimentos industriais na provincia de Ourense, tanto de carácter público como mediante acordos público-privados, co fin de impulsar unha mellora da economía local e para loitar contra o reto demográfico. 2. A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a non marxinar á provincia de Ourense na promoción, impulso ou apoio a novos investimentos prioritarios de carácter industrial dentro de Galicia, promovendo, *motu proprio*, proxectos de interese autonómico ou intercedendo para que proxectos deste sector, cofinanciados mediante acordos económicos públicos-privados, sexan localizados na provincia ourensá. 3. A Deputación Provincial de Ourense insta ao Goberno central a exercer as súas competencias en materia de cooperación e coordinación coas comunidades autónomas, especialmente coa de Galicia, en materia de industria, así como as destinadas a favorecer e impulsar a actividade empresarial das pemes, mediante a elaboración de políticas que permitan o desenvolvemento industrial e que tamén estimulen a consolidación e crecemento do noso tecido industrial, co fin de lograr novos investimentos de gran tamaño para a provincia de Ourense. Remata indicando que como boa mostra da forma de facer política dos diferentes grupos, o grupo socialista, dos quince puntos da orde do día da sesión plenaria de hoxe, só vai a votar en contra de dúas propostas, e o PP alá onde é oposición non aproba nada de nada.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para sinalar respecto desta moción que cando se traen cousas que son boas para a veciñanza, sempre a terán ao seu carón, polo que neste caso vai apoiar esta moción por ser unha boa iniciativa para a nosa provincia.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Entenden que esta moción é positiva para a provincia de Ourense, polo que tamén vai votar a favor dela. Lembra que esta provincia ten moita potencialidade para artellar políticas no noso territorio que deben dar pe a políticas industriais de aproveitamento do noso potencial forestal, agrícola ou gandeiro, lembrando tamén o noso potencial turístico, patrimonial ou etnográfico. Máis alá disto, estamos no dereito de reclamar doutras AAPP os investimentos necesarios para a nosa provincia xa que temos problemas de baixa densidade demográfica e de avellentamento, e máis cando se lles enche a boca falando da denominada “*España vacía*”.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza indicando que as propostas da moción son coincidentes co discurso do seu partido respecto da discriminación que sofre a cidade e a provincia de Ourense polas administracións do Estado e da C.A. Neste senso merecemos discriminación positiva, e a provincia está como está desde o punto demográfico porque fomos discriminados desde hai anos se comparamos os datos de investimentos con respecto a outras provincias. Os posibles investimentos nos vindeiros anos non serían máis que saldar esa débeda histórica, razón pola que o grupo de DO votará a favor desta iniciativa política.
- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Intervén para manifestar en primeiro lugar que ao grupo socialista parece que lle traizoou o subconsciente, posto que as propostas de acordo son reclamar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central, pero o título só fai referencia á Xunta, e todo isto coa desfeita industrial que o goberno de Pedro Sánchez está a causar en Galicia. Sobre a exposición de motivos da moción indica que esta ten unha información moi nesgada. Lembra que a Xunta de Galicia está a por en marcha unha rede de polos de emprendemento, e neste verán por exemplo abriuse un no concello de Verín, para fomentar as iniciativas empresariais. Sobre a referencia da moción á marxinación da provincia nos orzamentos da Xunta para o ano 2023 sinala que a nosa provincia e a de Lugo son as que van ter un maior gasto por habitante, e que o polo de emprendemento do concello de San Cibrao das Viñas volverá ser prioritario para a Xunta de Galicia, e se prevé un investimento de 2,7 millóns de euros para a Tecnópole e para o Centro Tecnolóxico da carne. Tamén destaca que se prevexan máis de oito millóns de euros para solo empresarial na nosa provincia. A axenda de

emprendemento de Galicia denominada Galicia 2030 para o ano 2023 vai dispoñer de 230 millóns de euros para proxectos innovadores en todo o territorio de Galicia, pero que por imperativo do Goberno do Estado só se pode implementar na provincia da Coruña. A continuación pregunta porqué razón, se as competencias son autonómicas, o goberno de Pedro Sánchez centraliza o 100 % do fondos do PRTR que veñen para industria, insistindo en que estes fondos deben ser descentralizados, lembrando un titular publicado no día de hoxe nun xornal da nosa CA onde se di que “só 1 de cada 4 euros do PRTR terá chegado á economía”. A pesar de todo o dito, o grupo popular vai votar a favor desta moción do grupo socialista, xa que están a favor de que todas as AAPP cooperen para que empresas poidan investir, tanto empresas grandes como as pemes e os autónomos, e porque este grupo provincial sempre está a favor de que se instalen todas as empresas na nosa provincia.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda comeza indicando que dicir que Pedro Sánchez discrimina a Galicia ou a Ourense xa non é crible, e que o grupo popular parece que vai votar a favor pero a culpa é do Estado. Pregúntalle á voceira do PP se cree que esta provincia é unha provincia de oportunidades industriais como son as outras provincias de Galicia, e que se o creen teñen un gravísimo problema, lembrando que as competencias en industria son exclusivas da Xunta de Galicia. Hai que traer proxectos industriais grandes para a nosa provincia, e se hai grandes industrias, aos das pemes, autónomos etcétera tamén lles vai ir mellor, xa que dan moitísimo traballo a quen está ao redor. Por último pídelles á voceira popular que lle explique porque se o Goberno do Estado fai un reparto inxusto segundo ela, como fai uns días o presidente desta Deputación anunciou un PERTE sobre o ciclo da auga que vai chegar a todos os concellos desta provincia, explicando que isto só será posible se se fai un reparto xusto e equitativo dos fondos europeos, como está a facer o Goberno Central.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que o BNG habitualmente apoia aos autónomos e pemes, sen desprezar o emprego que xeran as grandes empresas industriais, se ben estas últimas non soen ter implicación co territorio e marchan cando as cousas veñen mal dadas, como xa tivemos exemplos nesta provincia. Sobre as potencialidades da nosa provincia, ademais do noso entorno natural e patrimonial, do termalismo, está claro que hoxe o noso petróleo é o vento e a auga, e que ao aproveitamento enerxético que se poida facer na nosa provincia é fundamental, e conseguir que a maior parte deste potencial se quede no noso país, e que as grandes empresas que queiran aproveitar a nosa riqueza ambiental e enerxética,

debería vir acompañado de que unha parte deses beneficios queden no noso país e sempre acompañados de proxectos industriais ligados a eses aproveitamentos enerxéticos. Neste senso sinala que non é lóxico que en Madrid non exista un só parque eólico ou que o prezo da enerxía sexa o mesmo aquí que en Madrid, cando aquí a temos ao noso carón. Para rematar sinala que debemos instar tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno Central para que esas vantaxes que temos no noso país, lexisladas, e postas enriba da mesa fagan que moitas empresas aposten por este territorio e non leven a nosa enerxía pero se instalen noutro lugar.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que como xa expuxo a formulación da moción coincide co que ten manifestado e reiterado o seu grupo político, indicando que a xeración de riqueza provén principalmente da iniciativa privada, pero que o Estado e as outras AAPP teñen que apoiala e darlle a cobertura e facilidades necesarias. A nosa provincia exporta xuventude e talento pero non somos capaces de retelo na provincia xa que non hai postos de traballo de calidade. Unha mostra ilustrativa é o candidato á alcaldía da cidade que van presentar PP e PSOE, que parece que teñen que recorrer ao baúl dos recordos porque non debe haber xente preparada nas súas filas.

- 2ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Intervén para sinalar respecto do PERTE do ciclo da auga que se está a preparar unha candidatura coa achega desta Deputación e na que poden participar todos os concellos. Remata indicando que ela non considera para nada demagóxico dicir que autónomos e pemes levantan a persiana todas as mañás, e que se o voceiro socialista así o considera, que llelo diga a todos os autónomos e ás pemes.

- quenda de peche de Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para dicir que agradece o apoio de todos os grupos a esta moción, e queda moi claro que o grupo socialista é unha ferramenta moi útil para esta provincia, porque acabamos de aprobar unha cuestión moi beneficiosa para os mozos e mozas desta provincia, e que agora como goberno provincial, deben esixir que o acordado se cumpra e por fin existan oportunidades industriais nesta provincia de Ourense e non sigamos a ser discriminados.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- A Deputación provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias exclusivas en materia de promoción económica e industrial, mediante a elaboración das políticas e proxectos de apoio, impulso e execución de investimentos industriais na provincia de Ourense, tanto de carácter público como mediante acordos público-privados, co fin de impulsar unha mellora da economía local e para loitar contra o reto demográfico.

2º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a non marxinar a provincia de Ourense na promoción, impulso ou apoio novos investimentos prioritarios de carácter industrial dentro de Galicia, promovendo, motu proprio, proxectos de interese autonómico ou intercedendo para que proxectos deste sector cofinanciamentos mediante acordos económicos públicos-privados, sexan localizados na provincia ourensá.

3º.- A Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno central a exercer as súas competencias en materia de cooperación e coordinación coas comunidades autónomas, especialmente coa de Galicia, en materia de industria, así como as destinadas a favorecer e impulsar a actividade empresarial das pemes, mediante a elaboración de políticas que permitan o desenvolvemento industrial e que tamén estimulen a consolidación e crecemento do noso tecido industrial, co fin de lograr novos investimentos de gran tamaño para a provincia de Ourense.

**15º.- MOCIÓN DE URXENCIA DO BNG NA QUE SE SOLICITA QUE A XUNTA DE GALICIA OUTORGUE A REDUCIÓN DO 15% DO CANON DE SOGAMA A TODOS OS CONCELLOS GALEGOS ACOLLIDOS AO SISTEMA SOGAMA QUE IMPLEMENTEN CALQUERA DOS MÉTODOS RECOLLIDOS NA LEI 7/2022, DO 8 DE ABRIL, DE RESIDUOS E CHANS CONTAMINADOS PARA UNHA ECONOMÍA CIRCULAR.**

Despois da ratificación da inclusión do asunto na orde o día, co voto favorable de todos os deputados e deputadas presentes na sesión, o Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción:

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda procede a expoñer a iniciativa política do seu grupo na que indica que o artigo 25.2 da Lei 7/2022 de 8 de

abril de 2022, prevé a separación obrigatoria dos FORSU (fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos) para os concellos con máis de 5000 habitantes a 30 de Xuño de 2022 e na totalidade dos mesmos a 31 de Decembro de 2023. Para acadar este obxectivo propón tres modelos e/ou a posible combinación dos mesmos, a saber: compostaxe doméstica (autocompostaxe), compostaxe comunitaria e contedor marrón (tamén coñecido como 5º contedor). Recentemente e tras o anuncio previo por parte de SOGAMA da eliminación da bonificación da que actualmente gozaban unha parte significativa dos Concellos galegos, o día 9 de novembro de 2022 o Sr. Rueda, presidente da Xunta de Galiza, en sede parlamentar comunicou a intención de bonificar para o ano 2023, nun 15% o recibo de SOGAMA para “todos aqueles Concellos que implanten o contedor marrón antes de que finalice 2023”, aclarando a posteriori que esta premisa só sería imprescindible nos Concellos de máis de 2000 habitantes. Entendemos que existen neste anuncio unha serie de chamémoslle erros de apreciación, que lonxe de corrixirse na nota remitida por SOGAMA ós municipios foi mantida e non emendada. Por unha banda, en ningún punto da Lei se esixe que o sistema de separación sexa o contedor marrón, sendo este modelo o máis afastado da lóxica execución en moitos dos nosos concellos cos seus innumerábeis pobos. Supoñemos que ninguén que teña un mínimo coñecemento de xestión de residuos, pode pretenderen que outro camión máis pasee os infinitos Km precisos para facela recollida dos nosos pobos, nin se formularía que é sanitariamente posible deixar sen recoller un contedor de materia orgánica dunha semana para outra aos 40º dun mes de agosto ourensán. E xa non digamos o impacto medioambiental e económico que este sistema expón, cando o máis sinxelo sería a compostaxe doméstica, e se non fora posíbel a comunitaria. Resulta evidente que todas as administracións chegamos tarde ó modelo de separación proposto na nova Lei, algo que por certo Europa leva anos reclamando, e do que todos estamos lonxe. Empezando pola Xunta, xa que de pouco tería servido implementar contedores marróns si logo non había/hai onde levar os biorresiduos. Está claro pois que os prazos establecidos pola Lei non son minimamente realistas para o noso territorio, e ó tempo o sistema que quere impoñer a Xunta tampouco sería o máis acaído para a nosa realidade. Así se expresa con meridiana claridade no informe elaborado polo Director da Área de Medio Ambiente desta Deputación Provincial de Ourense, Sr. Bobe, onde informa: “comprar contedores

para a FORSU, encher a nosa paisaxe rural de contedores (engadindo a cor marrón), aumentar as rutas de recollida, e transportar o produto recollido para as instalacións que se constrúan (unha en Verín ademais da existente en Leiro) é relativamente sinxelo, pero económica e ambientalmente insostible.” Ao tempo que bota en falla a agrocompostaxe como posible solución para o fin de acadar o tratamento da fracción orgánica, tal como por certo propuñamos dende o BNG para a Limia nunha moción aprobada por unanimidade no pleno da deputación. A todo isto engádesse que a Xunta nos di que será obrigatorio trasladar á veciñanza esta rebaixa do 15% do canon, sen ter en conta que a práctica totalidade dos concellos da provincia incluídos os que teñen o servizo delegado na deputación provincial, teñen unha taxa de xestión de Residuos Sólidos Urbanos (R.S.U.), deficitarias. E a nova Lei establece un prazo de 3 anos para elaborar ordenanzas fiscais non deficitarias (e deberá terse en conta a necesidade de empregar contedores de acceso limitado, campañas de sensibilización, ...), que por lóxica suporá un importante incremento de custes. Entendemos que non pode tratarse dun acto a mantenta o establecemento da obriga do contedor marrón, senón máis ben dun erro de apreciación e transcripción. É por isto que desde o grupo provincial do BNG elevamos a seguinte proposta para a súa toma en consideración no Pleno Provincial: 1. Esixir á Xunta de Galiza que aplique o 15% de redución do canon de SOGAMA a todos aqueles concellos galegos que apliquen calquera sistema de separación e compostaxe da fracción FORSU, dos recollidos na Lei 7/2022, de residuos e chans contaminados para unha economía circular. E que ó tempo teñan o compromiso dunha cobertura de separación de biorresiduos de cando menos un 20% da súa poboación total no ano 2023. 2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galiza, ao Parlamento Galego e aos distintos grupos políticos con representación no mesmo, para a súa toma en consideración.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para anunciar o seu apoio a esta iniciativa do BNG e que esta moción resúmese aplicando a lóxica.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Igualmente manifesta o seu apoio a esta moción e anuncia o voto favorable de DO.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que o Goberno da Xunta de Galicia leva moito tempo dando exemplo do que non se debe facer en política de xestión de residuos, dunha forma caótica e moi pouco responsable, cunha política

unicamente dirixida a fortalecer o modelo de SOGAMA fronte outras políticas que deberían ser fundamentais, como é reducir en orixe a produción de residuos. Os concellos levan anos abandonados nesta tarefa pola Xunta de Galicia, e agora a Lei de orzamentos agocha como sorpresa a supresión da bonificación do canon do 10 % de SOGAMA, e que sen dúbida vai repercutir na taxa que a veciñanza e as empresas teñen que aboar por este servizo. Sobre a implantación do contedor marrón indica que supón un novo bandazo na política da Xunta, xa que non hai plantas de tratamento. A proposta que trae o BNG considérase axeitada para a nosa provincia se ben eles terían sido máis ambiciosos, como xa fixo o PS de G-PSOE cunha proposta presentada no Parlamento de Galicia e apoiada polo BNG, e co voto en contra do PP, onde se pedía entre outras cuestións o mantemento da bonificación do 10 % no canon de SOGAMA, a aplicación adicional da bonificación do 15 % para concellos que acrediten avances na compostaxe ou que a Xunta deixe de reclamar aos concellos turísticos que suban a taxa do lixo a comercios e hostalería. Conclúe indicando o voto favorable do seu grupo a esta moción.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Adiante o voto favorable do PP a esta moción, se ben cunha serie de precisións. A exposición de motivos baséase no informe evacuado polo director da área de Medio Ambiente desta Deputación e que xa hai tempo lle foi remitido á Xunta de Galicia. Engade que non hai unha xustificación xurídica para impoñer unha fórmula concreta para garantir a separación en orixe e o seu tratamento, en concreto dos bioresiduos, e nin na lexislación comunitaria, nin na estatal, nin na autonómica, se atopa amparo para esixir a implantación do quinto contedor, entendendo que a solución debe vir pola compostaxe doméstica e comunitaria, que si aparece como unha alternativa válida ao quinto contedor. Tampouco hai xustificación técnica nun territorio como a nosa provincia, caracterizado pola dispersión poboacional e con núcleos de poboación pequenos. Debemos engadir que no ano de muda das corporacións locais tampouco semella o mellor ano para a imposición dunha modificación tributaria. Remata indicando que aplicando o sentido común ás circunstancias desta provincia, votarán a favor desta moción.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda comeza agradecendo o voto favorable de todos os grupos á moción do seu grupo. Engade que o Concello de Allariz xa leva seis anos pelexando co sistema da compostaxe, comunitario e individual, e hoxe por hoxe teñen unha alta implantación que amosa que é posible e que non ten sentido andar a mover a materia orgánica como modelo de xestión de residuos. Esta debe ser a fórmula para

concienciar á nosa poboación, e conseguir que a xente lle vexa beneficios á xeración de residuos orgánicos. Remata desexando que en Santiago de Compostela se atenda esta petición e se rectifique consonte co indicado na moción.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de Miguel A. Cid Álvarez) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Esixirlle á Xunta de Galicia que aplique o 15% de redución do canon de Sogama a todos aqueles concellos galegos que apliquen calquera sistema de separación e compostaxe da fracción FORSU, dos recollidos na Lei 7/2022, de residuos e chan contaminados para unha economía circular. E que, ao tempo, teñan o compromiso dunha cobertura de separación de biorresiduos de cando menos un 20% da súa poboación total no ano 2023.

2º.- Darlles traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento Galego e aos distintos grupos políticos con representación nel, para a súa toma en consideración.

**16º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

### **17º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de outubro de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

**18º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta, sobre hai agora 4 anos púxose en marcha na estación de esquí de Manzaneda un sistema de innivación artificial que supuxo unhas importantes obras nas instalacións. Aparte de 29 canóns localizados ao longo de varias pistas de esquí, dotouse ao sistema de dúas balsas con capacidade de almacenamento para 13.000 m<sup>3</sup> e 25.000 m<sup>3</sup>. Estas obras supuxeron uns investimentos bastante agresivos sobre os terreos da propia estación, que hai que recordar que se

atopan dentro dunha zona de especial protección da Rede Natura 2000 do Macizo Central. Desde hai anos, o Grupo do PSdeG-PSOE desta Deputación ven solicitando periodicamente o acceso a distintos documentos e expedientes tanto relativos ás devanditas obras de innivación como a procesos xudiciais, de contratación, etcétera. Quitando algunha resposta puntual, o Sr. presidente sempre nos di que toma nota e nos remite ao Consello de Administración de MEISA, entidade xestora da Estación de Montaña de Manzaneda, na que entre a Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galicia suman máis do 99% das accións. É dicir, unha xestión 100% pública. A día de hoxe MEISA aínda non nos deu acceso a ningún dos documentos solicitados. Unha entidade da que o seu presidente se sinte orgulloso de ser a máis transparente de España, a Deputación Provincial de Ourense, redírixenos a outra entidade, MEISA, da que sendo a propia Deputación a máxima accionista, e a máis opaca. Ademais, Sr presidente, vostede é un dos membros do Consello de Administración de MEISA. Antes do inicio das obras de innivación artificial, o promotor debería entregar ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para a súa aprobación a seguinte documentación: Proxecto definitivo, Cartografía detallada da localización dos depósitos dos sobrantes das terras procedentes das escavacións, Plan de recuperación das zonas afectadas polas obras e das medidas compensatorias, Plan de restauración e integración paisaxística. MEISA como promotora da obra, ¿entregoulle á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a totalidade da documentación requirida? ¿Coinciden as actuacións levadas a cabo coa documentación presentada? ¿Vaise cumprir tanto co previsto no proxecto de innivación artificial como coas preceptivas obrigas estipuladas na Declaración de Impacto Ambiental, formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia no relativo á protección do terreo que, por mor das obras está a sufrir un acelerado proceso de erosión? ¿Vaise manter ou vaise retirar a morea de pedras depositadas entre a zona da pista do Pluviómetro e a pista do Regato, que supoñen un grave perigo para os esquiadores que transitan por esa zona? ¿Dispúxose dos correspondentes permisos para o vertido dos áridos extraídos no proceso de execución das obras das balsas de innivación artificial en aproximadamente unha hectárea de terreo na pista denominada Paso Perdices e nas pistas Fontefría e Xabarín? ¿Vanse recubrir as superficies das ditas pistas e doutras zonas da estación, que actualmente se atopan nun elevado estado de degradación pola

erosión, cun manto de terra vexetal tal e como esixía o proxecto construtivo e sobre todo a Declaración de Impacto Ambiental aprobada pola Xunta de Galicia? No proceso de execución da obra de innivación artificial cortáronse unha importante cantidade de árbores ¿Levouse a cabo a plantación de 2 exemplares de árbores por cada árbore afectada polo proxecto, tal e como estaba previsto? De ser así ¿Cal é a localización da plantación? ¿Cantos exemplares se cortaron e cantos se plantaron? ¿Se se plantaron, cal é o seu estado a día de hoxe? Actualmente as balsas de almacenamento de auga para alimentar o sistema de innivación artificial non dispoñen de ningunha protección que mitigue o seu impacto visual ¿Cando se vai proceder á plantación, onde sexa posible, das especies autóctonas ao bordo da valla perimetral, tal e como preceptivamente estipula a Declaración de Impacto Ambiental? ¿Redactáronse os plans de seguimento de ruído, de restauración e integración paisaxística e de correcto funcionamento da rede de drenaxe, segundo establece a Declaración de Impacto Ambiental? ¿Estanse presentando os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental debidamente asinados ante a Xunta de Galicia? ¿Está nomeada desde o momento en que se puxo en marcha a instalación de innivación artificial a persoa responsable do cumprimento da Declaración de Impacto Ambiental? ¿Presentouse desde o primeiro momento, e estase presentando o informe en fase de funcionamento coa periodicidade e coa totalidade dos contidos establecidos pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia? ¿Pódense encher as balsas do sistema de innivación artificial ata a cota prevista no proxecto? De non ser así, ¿Por que? ¿Estará o sistema de innivación artificial en condicións de producir neve ao 100% da súa capacidade o día 1 de decembro, día de inicio da nova tempada 2022-2023? ¿Como presidente da Deputación Provincial de Ourense, un dos máximos accionistas de MEISA, está vostede de acordo en volver integrar no Consello de Administración de MEISA aos concellos da Pobra de Trives e Manzaneda? Para a transparencia da que tanto se presume nesta institución e á información á que a poboación da Provincia de Ourense e de Galicia ten dereito ¿Váiselles permitir aos deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE acceder ao expediente das obras de innivación da Estación de Montaña de Manzaneda e ao resto de documentos solicitados en reiteradas ocasións, e nunca entregados? De ser a resposta afirmativa, ¿En que data? Logo doutra sentenza xudicial, esta do 16 de marzo de 2022, na que o Xulgado do Contencioso

Administrativo núm. 1 de Ourense anulaba a adxudicación por parte de MEISA da xestión das instalacións de Manzaneda a Artabria Turismo SL, e de que recentemente quedase deserto o concurso para a nova adxudicación, e estando a so cinco días de que empece a nova temporada de neve ¿Como se vai resolver a xestión das instalacións da Estación de Montaña Manzaneda?

A Presidencia contesta que non me compete responder esa cuestión, en todo caso esa información debe requirirla á Dirección Xeral e ao Consello de Administración de Meisa, e desde a Deputación se dará traslado desta, En todo caso, desde a Deputación contactouse coa asesoría xurídica de MEISA que nos trasladou o seguinte informe: *En relación con las obras de ejecución del proyecto de innovación de la sociedad ESTACIÓN DE INVIERNO MANZANEDA, SA, se hace constar: La ejecución del sistema de innivación se llevó a cabo con todos los permisos y licencias, incluidas las debidas autorizaciones medioambientales de la Conselleria competente, habiendose tenido en cuenta la existencia de terrenos que están incluidos dentro de Red Natura. En la propia consulta se hace referencia a la existencia de Declaración de Impacto Ambiental. Según la información de la que se dispone, las obras de ejecución se llevaran a cabo con sujeción al proyecto y a los requerimientos medioambientales derivados de las preceptivas autorizaciones. La ejecución de las obras de licitación se adjudicó tras un proceso de licitación público y abierto por parte de la sociedad, para la ejecución del proyecto redactado y conforme a las autorizaciones y permisos administrativos correspondientes al mismo. A día de hoy continúa publicada y accesible al público en el perfil del contratante de MEISA la documentación relativa a la licitación tanto para la ejecución del proyecto de innovación como la correspondiente a la dirección de obra. La documentación del expediente de contratación es accesible al público. Con carácter previo a la ejecución de las obras y a su licitación se tramitó la autorización ambiental ante la Consellería de Medioambiente. El proyecto y su ejecución, como no podía ser de otro modo, contó con las debidas autorizaciones. La sentencia dictada por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo nº1 de Orense, fue objeto de recurso de apelación, no habiendo recaído sentencia del Tribunal Superior de Justicia a fecha de hoy. Tal y como consta en el perfil del contratante se ha convocado un procedimiento de licitación abierto para la adjudicación para la gestión, no constando presentadas ofertas dentro del plazo legalmente previsto. Conforme prevé la normativa de contratación de aplicación, procederá la declaración de desierto del procedimiento y, en su caso, proceder*

*a la adjudicación del contrato según se prevé para estos supuestos, según acuerdo del Consejo de Administración.*

Consultados os responsables da estación, a autorización de recollida de auga do río está autorizada nos meses de novembro, decembro e xaneiro. Estímase que en 10 días estarán as dúas balsas ao 100%. Consultados os responsables da estación, indican que está revisado e actualizado ao 100% o sistema de innivación. As balsas neste intre (a superior que é a que alimenta a innivación) está ao 90% da súa máxima capacidade, é dicir, en disposición de innivación durante un mínimo de 20 días. A balsa de recepción está ao 70% que permite transvasando á superior outros 40 días de innivación.

- Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre que no pasado pleno de outubro de 2022 nunha das preguntas presentadas por escrito e respondida oralmente na citada sesión plenaria sobre a non instalación de bandas redutoras de velocidade na estrada provincial OU-1011, e a resposta recibida referíase de xeito erróneo ás estradas provinciais do Concello de Oímbra OU-1010 e OU-1013. A petición solicitada de instalación de banda redutora de velocidade refírese o punto quilométrico 3 da estrada provincial OU-1011, na zona de saída de vehículos pesados dunha empresa madeireira e outros usuarios desa zona, coincidindo así mesmo coa zona de entrada a poboación de Oímbra e nese punto o exceso de velocidade é constante e onde tamén se rexistraron accidentes. ¿Cales son os motivos polos cales aínda non foron instaladas nese punto as bandas redutoras de velocidade, petición que xa foi tamén solicitada hai máis dun ano a través do rexistro do propio Concello de Oímbra? ¿Teremos que esperar os usuarios desa vía a un novo accidente para que se acometa a petición realizada e asumirá a Deputación Provincial de Ourense as correspondente responsabilidades de producirse?

A Presidencia contesta dando lectura ao informe emitido pola directora da Área de Infraestruturas no que explica o seguinte: Vista a solicitude de información relativa ao expediente do asunto, formulada por dona Rosario Rodríguez Delgado, deputada do Grupo Socialista da Deputación, no exercicio do seu dereito a obter do Sr. Presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, informo o seguinte: No Pleno do mes de outubro foi contestada unha pregunta formulada por dona Rosario Rodríguez Delgado na Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural celebrada o 21 de setembro de

2022. Tal e como consta na acta da dita comisión, cito textualmente, “*D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que hai un ano que se expuxo a necesidade de instalar canles redutores de velocidade na estrada provincial OU 1013 ao seu paso polo Concello de Oímbra. Indica que aínda non se instalou ningún elemento redutor de velocidade e que se trata dunha recta onde moitos vehículos pasan a gran velocidade, co conseguinte perigo. O presidente da comisión contesta que conseguirá a información na Área de Infraestruturas, pero que a instalación de canles non é sinxela, xa que as estradas deben cumprir unha serie de requisitos que a maior parte das estradas municipais e provinciais non cumpren.*”. Polo tanto, non existiu erro ningún na resposta da Área de Infraestruturas. O informe non mencionaba a estrada OU-1011 porque esta vía non fora obxecto de consulta na Comisión Informativa. Aclarado o anterior, paso a dar resposta, a continuación, ás cuestións formuladas. *Relativo a ¿Cales son os motivos polos cales aínda non foron instaladas nese punto as bandas redutoras de velocidade, petición que xa foi tamén solicitada fai máis de un ano a través do rexistro do propio Concello de Oímbra?* A colocación das bandas redutoras de velocidade na OU-1011 na entrada da localidade de Oímbra foi solicitada polo Concello de Oímbra o 3/09/2021 e deu lugar á apertura do expediente 2021/12572A. Consta neste expediente un informe técnico da xefa de zona de data 15/09/2021 informando a viabilidade da actuación e remitindo a súa execución á empresa adxudicataria do contrato de servizo de sinalización horizontal nas estradas da rede viaria da Deputación de Ourense. O motivo polo que non foron realizadas na data actual é a xerarquización e a organización dos traballos que se veñen realizando con cargo a este contrato, cun ámbito territorial, a denominada zona sur, que abrangue 708 km de rede provincial en 28 concellos. Sobre se *¿Teremos que esperar os usuarios desa vía a un novo accidente para que se acometa a petición realizada e asumirá a Deputación Provincial de Ourense as correspondente responsabilidades de producirse?* A Deputación sempre responde da súa responsabilidade fronte os danos producidos a un terceiro polo funcionamento normal ou anormal do servizo público que presta, cando o dano é efectivo e avaliable economicamente, e se probe o nexo causal. Non existe na data actual ningún nexos entre os accidentes producidos e o estado da infraestrutura. Revisada aplicación ARENA 2 da Dirección Xeral de Tráfico na OU-1011, en sentido Oímbra, entre os puntos quilométricos 2+500 e 3+140, nos derradeiros cinco anos (23/11/2017 a 23/11/2022), tiveron lugar dous accidentes: un por atropelo dun animal salvaxe e outro por alcance. En ningún dos accidentes o factor concorrente foi o estado da estrada, segundo os informes estatísticos dos

axentes instrutores. Tampouco a velocidade excesiva dos condutores. A instalación das bandas transversais de alerta na OU-1011 permitirá alertar aos condutores, mediante a transmisión de vibracións e ruídos derivados da súa acción sobre os sistema de suspensión e amortecemento do vehículo, de que é necesario que extremen a atención ante a súa aproximación a unha travesía. O control dos supostos excesos de velocidade e a sanción de conductas referidas ao non respecto dos límites de velocidade regulamentariamente establecidos na OU-1011, que corresponde á Garda Civil de Tráfico, non serán resoltos por este equipamento viario.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta en relación co anuncio da Presidencia sobre o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Ourense que xa no ano 2020 se facía por parte do presidente desta entidade e deputado delegado de Cooperación Pablo Pérez, onde se informaba que os parques de bombeiros que dependían do Consorcio Provincial pasarían a ser de xestión pública, segundo un compromiso adquirido incluso no anterior mandato, e que era *“unha mostra máis do cumprimento dos compromisos da Deputación e da Xunta, non só cos bombeiros, senón cos servizos de emerxencias da provincia”*. Tendo en conta que nos atopamos no penúltimo mes do ano e non hai novidades sobre este cambio de xestión ¿cal é a data prevista para a reconversión deste servizo e o cumprimento do compromiso adquirido e anunciado? ¿Cal é o estado actual no que se atopa este proceso? O vindeiro 31 de xaneiro remata o contrato coa empresa logo da prórroga asinada polo deputado Pablo Pérez en data 18 de xaneiro de 2022, “condicionada” esta prórroga a que *“no suposto que o Pleno do Consorcio acorde a xestión directa como forma de xestión máis sostible e eficiente de entre as previstas, o contrato finalizará na data que se estableza dito acordo, aínda que non transcorra o prazo dun ano previsto na prórroga”*. ¿Vaise solicitar outra prórroga ou vanse cumprir os compromisos e realizar o paso a xestión pública?

A Presidencia contesta dando lectura ao informado polo presidente do Consorcio Provincial no que sinala que vista a solicitude de información relativa ao expediente do asunto, formulada por don José Ignacio Gómez Pérez, deputado do Grupo Socialista da Deputación, no exercicio do seu dereito a obter do Sr. presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenrolo da súa función, informo o seguinte: En relación coa pregunta ¿Cal é a

data prevista para a reconversión deste servizo e o cumprimento do compromiso adquirido e anunciado? A data é o 31 de xaneiro de 2023. ¿Cal é o estado actual no que se atopa este proceso? O proceso está en fase de desenvolvemento en prazo. ¿Vaise solicitar outra prórroga ou vanse cumprir os compromisos e realizar o paso a xestión pública? Non se vai solicitar prórroga e vanse cumprir os compromisos adquiridos.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre que no pleno extraordinario do 29 de abril de 2020 acordábase nesta Deputación Provincial de Ourense “declarar o loito oficial na provincia de Ourense polas vítimas do coronavirus COVID19, con efectos dende o día da data e ata o cese da pandemia”. Durante este período “as bandeiras oficiais nas institucións provinciais ondearán a media hasta, e lucirán crespóns negros en sinal de loito”. Unha vez vemos que esas medidas xa non están vixentes ¿cando foi o acordo ou directrices para deixar sen efecto as medidas acordadas e por quen foron ditadas?

A Presidencia contesta que dende a publicación do Real decreto 286/2022, de 19 de abril, de modificación no que di: Todos los indicadores principales de seguimiento de la epidemia vigentes, de acuerdo con la «Estrategia de vigilancia y control frente a la COVID-19 tras la fase aguda de la pandemia», se encuentran, según el último informe publicado el 8 de abril de 2022, en un nivel de riesgo bajo. Ese foi o momento.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o rogo de que se revise o proxecto que se está a executar por esta Deputación no concello de Cenlle no viario OU-0303 xa que están a darse situacións que alteran a convivencia veciñal, con treitos onde se leva ao límite a ampliación das beirarrúas e noutros non se aproveitan os sobrantes e vivendas nas que os problemas producidos pola auga da chuvia non se aproveita a actuación para que queden definitivamente resoltos. Rogan que se revise esta actuación no Concello de Cenlle e se dea solución a estas xustas demandas veciñais.

A Presidencia contesta que toma nota do rogo formulado.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre que a estrada OU-0701 Vilariño de Conso – Viana do Bolo presenta unha capa de rodadura moi deteriorada no treito de Viana con zonas de sobrancho que carecen de asfaltado, polo que rogamos que os labores de mellora e

conservación se prolonguen a maior brevidade ao concello de Viana por atoparse en peor situación a estrada.

A Presidencia contesta que toma nota do rogo.

- Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Formula unha pregunta que ten relación coa moción do BNG tratada neste pleno, e é que hai tempo o seu grupo pediu un estudo sobre a posibilidade de ir instalando sistemas de pesadas individualizadas por concellos no servizo provincial de recollida de lixo, todo isto pensando na separación que vai haber que facer coas novas esixencias legais.

A Presidencia contesta que toma nota do rogo formulado.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 18º](#)

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url -

<http://depourense.seneca.tv/s/8MLQHAbLzQH7OseZjJfZoCqjvwWcYF5vOD6ZVJEjul2xRvFG.mp4>

SHA512 -

ac2dd26bb8b2ea31d920beec2e4e7deca2a4e04e4c7d4db06c549698eeaa1eb56e61aba  
b8b272d42cc6c7ba62cd92bbc9ef89327dc4d5d4346ddcd243f2b3e8d

E, ás 14.36 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

